

ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA

DISCURSO DE INGRESO

# **A Industria Farmacéutica ante o reto da sostibilidade**

ILMO. SR. DR. MANUEL PUGA PEREIRA

DISCURSO DE CONTESTACIÓN

ILMO. SR. DR. ISAAC ARIAS SANTOS

Santiago de Compostela, Febreiro de 2004

# ÍNDICE

## **A INDUSTRIA FARMACÉUTICA ANTE O RETO DA SOSTIBILIDADE**

### **INTRODUCCIÓN**

### **AS ORGANIZACIÓNS SOSTIBLES. UNHA VISIÓN ACTUAL**

- 1. Desenvolvemento sostible. Algo de historia**
- 2. Sostibilidade e empresa: a Responsabilidade Social Corporativa (RSC)**
- 3. Algunhas iniciativas en materia de Responsabilidade Social Corporativa**
  - 3.1. O Pacto Mundial de Nacións Unidas (The Global Compact)
  - 3.2. As Directrices da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) para empresas multinacionais
  - 3.3. O Libro Verde da Comisión das Comunidades Europeas “Fomentar un marco europeo para a Responsabilidade Social das Empresas”
  - 3.4. World Business Council for Sustainable Development (WBCSD)
  - 3.5. Corporate Social Responsibility Europe (CSR Europe)
- 4. A implantación de políticas e prácticas de Responsabilidade Social Corporativa**
  - 4.1. A xestión social
  - 4.2. A xestión medioambiental
  - 4.3. Código de Goberno para a empresa sostible
- 5. Beneficios da Responsabilidade Social Corporativa para as empresas**
- 6. Proceso de comunicación pública: o reporting**
  - 6.1. A Global Reporting Initiative
  - 6.2. A norma AA 1000

## **A RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA NA INDUSTRIA FARMACÉUTICA**

- 1. Metodoloxía**
- 2. Presencia e involucración da industria farmacéutica nas distintas iniciativas**
- 3. Participación nos índices bolsistas de sostibilidade**
- 4. Compromiso cos estándares de reporting mundialmente aceptados**
  - 4.1. Aspecto económico
  - 4.2. Aspecto social
  - 4.3. Aspecto medioambiental

## **REFLEXIÓNS FINAIS**

## **DISCURSO DE CONTESTACIÓN**

## A INDUSTRIA FARMACÉUTICA ANTE O RETO DA SOSTIBILIDADE

Excmo. Sr. Presidente  
Dignísimas Autoridades,  
Excmos. e Ilmos. Sres. Académicos  
Miñas donas e meus señores:

Como é natural quero que as miñas primeiras verbas neste acto sexan de agradecemento a tódolos membros desta docta institución pola alta honra coa que me teñen distinguido a o me propoñer como membro numerario da mesma e acollerme no seu seo coa maior das xenerosidades. Unha xenerosidade, que deixou no esquecemento as miñas numerosas limitacións e identificou en min uns méritos dos que nin siquiera eu mesmo podo sentirme totalmente posuidor.

Neste senso, venme en primeiro lugar á memoria a miña familia, xa que sen o seu sacrificio dificilmente poidera estar hoxe aquí, facendo bo aquilo que recollía, xa en 1854 o historiador Avila y la Cueva na súa *Historia Civil y Eclesiástica de la Ciudad de Tuy y su Obispado* cando ó falar dos habitantes de Redondela decía " ... parece que su mayor gloria la tienen en dedicar sus hijos al estudio de las Ciencias .... no perdonando para ello trabajo ni temiendo a crecidos desembolsos".

Tamén de balde recibía unha herdanza que afunde as súas raiceiras nos anos oitenta do século XIX cando o meu bisabó Pedro Otero Milleiro inicia os seus estudos na Facultade de Farmacia Compostelana. Ademais no baixo da casa en que nacín estaba a botica da que fóra titular o meu avó Luis Pereira Miguez e que daquela era rexentada polo meu tío. Xaquelogo os meus xogos infantís cos meus curmáns e irmás percorreron entre albarelos, autoclaves, microscopios e fórmulas maxistrais.

Os sucesivos "enlaces matrimoniais" fixeron ademáis que o gremio farmacéutico acadase cada vez entre nós unha maior representación predestinando dalgún xeito o meu futuro. Eu mesmo atopei a Noly nesa Facultade e a ela e a os nosos fillos, Ana e Manolo, debo adicar nestes momentos unha lembranza especial.

Nos meus anos de Universidade tamén se me regalou coñecemento e formación por parte de numerosos profesores das Facultades de Ciencias e Farmacia que deixaron en min a súa pegada. Permitanme nembargantes que lembre hoxe aquí somentes ó Profesor Francisco Guitián Ojea, Director do Departamento de Edafoloxía da Facultade de Farmacia, onde fixen a miña tese de doutoramento e a o Profesor Felipe Macias Vázquez, que ma dirixiu. Ámbolos dous son indubidablemente persoeiros claves na miña formación e a os que debo facer un especial recoñecemento nestes momentos.

Tiven a sorte despois de ir traballar ás instalacións que ICI-Farma tiña no Porriño, onde continuou a miña formación nunha das compañías máis importantes do mundo no sector farmacéutico e co apoio do meu equipo fomos quen de pasar por diversas singladuras ata arribar á actual AstraZeneca. A todos eles o meu agradecemento nestes momentos pola súa contribución.

Tendo en conta as devanditas circunstancias tentarei dalgún xeito compensar a súa xenerosidade co meu compromiso de colaboración en tódalas tarefas que se me encomenden nesta Academia e procurarei non defraudalos.

Debo confesar entón, que a miña primeira preocupación foi a escolla do tema deste discurso. Tiña claro que debería estar relacionado coa Industria Farmacéutica e pensaba que para que fose novidoso debería centrarme nos retos que ten que afrontar, nunhas circunstancias ben difíciles, máis que focalizarme nas súas consecucións, en teoría máis coñecidas. Entre todos eles hai un que me pareceu crítico porque os seus resultados sobrepasan os límites empresariais e repercuten directamente en toda a sociedade. A traxedia do Prestige facíao de “rabiosa actualidade” utilizando a linguaxe periodística e confirmábame na miña idea de falar da industria farmacéutica ante o reto da sostibilidade.

## INTRODUCCIÓN

No último século, a Industria Farmacéutica contribuíu, como poucos sectores o fixeron, ó desenvolvemento da calidade de vida dos seres humanos. Non é fácil imaxinar a nosa vida sen dispoñer de analxésicos, antibióticos, antiulcerosos ou anticoagulantes que salvan a vida a pacientes vítimas de ataques cardíacos. A sociedade percibiu durante anos o alto valor achegado polo sector que, debido á propia natureza dos seus produtos, nace cunha clara vocación de servizo social.

Esta boa relación entre a comunidade e a industria permitiu ó sector, practicamente na súa totalidade en mans da iniciativa privada, dedicar grandes esforzos á investigación e, amparándose nas políticas de protección de patentes, centrarse nos resultados financeiros para incentivar ós accionistas a realizar máis investimentos encamiñados á busca de novos e mellores medicamentos. Os sucesivos éxitos amparaban este círculo virtuoso que parecía non ter fin.

Pero esta convivencia harmónica entre a industria farmacéutica e a sociedade comeza a truncarse nos anos 80 e 90 do século XX, cando o alto endebedamento dos estados e o elevado custo dos servizos de saúde pública fan volver os ollos dos gobernos e a sociedade cara a un sector que se mantiña aparentemente con marxes de beneficio das que non podía gozar ningún outro produtor de bens e servizos. É entón cando, co obxectivo de promover a competencia e provocar axustes nas marxes, os estados deciden introducir unha serie de medidas; entre elas, recortes nos prazos de duración das patentes.

Os altos custos de investigación que supón o desenvolvemento de novos medicamentos, unidos ó curto período dispoñible de comercialización baixo patente, levan a unha diminución dramática das marxes e orixinan incluso que algunhas das especialidades lanzadas non cheguen a ser rendibles. Neste contexto, a ata agora practicamente incuestionable capacidade para lanzar novidades terapéuticas ó mercado empézase a ver seriamente afectada.

Por outro lado, as sociedades comezan a tomar conciencia da súa forza fronte ó poder económico establecido. Desde a caída do muro de Berlín, e en resposta ós abusos derivados do proceso de globalización, relacionados basicamente co poder exercido de forma prepotente por certas multinacionais, prodúcese unha reacción social cada vez máis organizada. Esta reacción social encontra nos últimos anos en Internet a plataforma perfecta para a propagación das súas mensaxes.

Grandes catástrofes coma a traxedia de Bhopal en 1984, na que un escape de gases tóxicos acabou coa vida de máis de 16.000 persoas; o accidente do Exxon Valdez cinco anos máis tarde, co vertido accidental de miles de toneladas de cru nas costas de Alaska; o do Erika en 1999 e o levoli Sun en 2000; e algunhas catástrofes máis próximas como a rotura da balsa das minas de

Aznalcóllar ou o afundimento do Prestige fronte ás nosas costas, constitúen só algúns exemplos de cómo a irresponsabilidade dalgunhas empresas e corporacións evidenciou os riscos dun crecemento económico descontrolado.

A industria farmacéutica non se librou de situacións conflictivas. Así, por exemplo, a sociedade nunca comprendeu a denuncia presentada polas grandes multinacionais do sector contra o Goberno Sudafricano cando este elaborou unha lei que autorizaba a fabricación de especialidades xenéricas contra a sida aínda baixo patente. Se ben lexitimamente non se podía cuestionar a demanda, esta actitude foi percibida como un claro atentado contra o universalmente aceptado dereito á saúde.

Nesta orde de cousas, a industria farmacéutica enfróntase actualmente a un dobre reto: por un lado continuar achegando valor á sociedade, xerando á vez beneficios nun ambiente moito máis competitivo que no pasado, e, por outro, ser capaz de "reconciliarse" coa sociedade mellorando a súa imaxe e reputación.

Neste traballo preténdese reflexionar sobre unha posible solución para facer fronte a estes retos, tomando como pedra angular as demandas sociais de sostibilidade.

Como queira que na actualidade os gobernos de numerosos estados, a sociedade civil, cada vez en maior grao, e algunhas empresas empezaron a decatarse da necesidade de harmonizar o desenvolvemento económico coa "sostibilidade", xurdiu todo un campo doutrinal ó respecto. A primeira parte da exposición centrase na recompilación do "estado da arte", e nunha segunda analizarase a situación concreta da industria farmacéutica na actualidade en relación a este tema. Finalmente, formularanse algunhas reflexións sobre posibles actuacións para responder a este reto.

# AS ORGANIZACIÓNS SOSTIBLES. UNHA VISIÓN ACTUAL

## 1. Desenvolvemento sostible. Algo de historia

Desde un punto de vista ambientalista, o concepto de desenvolvemento sostible afunde as súas raíces no Cumio de Estocolmo de 1972<sup>1</sup>. A emerxencia de graves problemas medioambientais de carácter global na segunda metade do século XX -o cambio climático, a perda acelerada de diversidade biolóxica, a desertización ou perda de solo fértil en moitos lugares do mundo, a contaminación química da atmosfera, do solo e da auga, etc.- fan soar as alarmas da comunidade internacional.

Convocados polas Nacións Unidas, reúnen para tratar estes problemas representantes de 112 países, que aproban 109 recomendacións ambientais. Entre as resolucións máis importantes de dito foro destacan a designación do 5 de xuño como "Día Mundial do Medio Ambiente", unha declaración política, un plan de acción e a constatación da necesidade de crear un organismo internacional dedicado á conservación do medio ambiente (PNUMA, Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente).

En 1982 ten lugar en Nairobi unha sesión especial da PNUMA, co obxecto de avaliar os avances respecto ós acordos de Estocolmo. Nas súas conclusións afirmase que este cumio "representou unha forza poderosa para incrementar a conciencia e comprensión públicas da fragilidade do medio ambiente humano e os seus problemas"<sup>2</sup>, e na súa declaración final xa se fala dun desenvolvemento ambientalmente seguro e socioeconomicamente sostible, empezando a apuntarse o concepto de sostibilidade.

En 1987 publícase un Informe coordinado pola ministra norueguesa Gro Harlem Brundtland, promovido pola Comisión Mundial sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento, a instancias da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, que introduce o concepto de desenvolvemento sostible, definido como segue:

**"aquele que satisfai as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das futuras xeracións para satisfacer as súas propias necesidades"**<sup>3</sup>

No segundo Cumio Ambiental, o de Rio de Janeiro<sup>4</sup>, comunmente denominado "Cumio da Terra", reúnen representantes de 178 países, que conclúen que a protección do medio ambiente e os desenvolvementos social e económico son fundamentais para lograr o desenvolvemento sostible. Con este obxectivo apróbanse en Rio tres documentos fundamentais:

---

<sup>1</sup> PEREZ DE LAS HERAS, MONICA 2003 *La Cumbre de Johannesburgo*. p28

<sup>2</sup> DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, FRANCISCO 2000 *O Medio Ambiente: do control de emisións á incerteza do risco*

<sup>3</sup> PEREZ DE LAS HERAS, MONICA 2003 *La Cumbre de Johannesburgo*. p29

<sup>4</sup> PEREZ DE LAS HERAS, MONICA 2003 *La Cumbre de Johannesburgo*. P29

1. A Declaración sobre Desenvolvemento e Medio Ambiente: Un texto de 27 puntos a través do cal os países asinantes se comprometen a traballar a favor do desenvolvemento sostible e a erradicar a pobreza.
2. A Declaración autorizada de principios: Un texto bastante "suave" a favor da conservación dos bosques.
3. Un programa de ámbito mundial titulado Programa 21<sup>5</sup>: Aborda os problemas ambientais máis urxentes e trata de preparar o mundo para os desafíos do século XXI, establecendo obxectivos e plans de acción en consonancia coa Declaración sobre Desenvolvemento e Medio Ambiente, tendo en conta as diferentes situacións, capacidades e prioridades dos países e das rexións.

A Conferencia de Rio constituíu, por tanto, un fito importante e permitiu establecer un primeiro plan de acción para o desenvolvemento sostible. É de resaltar que, nesta Conferencia, o concepto de sostibilidade contempla xa, ademais do aspecto medioambiental, os aspectos económico e social.

Como consecuencia do Cumio de Rio, esperábase tamén a aprobación do documento "Carta da Terra"<sup>6</sup>, no que as distintas nacións se comprometesen formalmente no cumprimento de determinados comportamentos "sostibles". Nembargantes, a elaboración deste documento quedou finalmente posposta e houbo que redactar diversos borradores ata a súa definitiva formulación en 2000.

No Cumio de Johannesburgo de 2002<sup>7</sup> reafirmáronse as adhesións á Declaración de Rio sobre Desenvolvemento e Medio Ambiente e ó Programa 21, e recoñécense como grandes problemas a afrontar: a enorme fisura entre ricos e pobres, as pautas insostibles de produción e consumo, o continuado deterioro do medioambiente, a globalización como nova dimensión a estes problemas e o risco de que as disparidades mundiais se enquisten e os pobres perdan a fe nos seus gobernantes e nos sistemas democráticos.

Se houberse que destacar o máis positivo da evolución do concepto de "sostibilidade" desde o Cumio de Estocolmo ata o de Johannesburgo, quizais cabería sinalar o feito de que, ó longo deste período, se foi configurando e consensuando unha concepción do desenvolvemento sostible como o espazo de encontro de tres factores dinámicos -económico, medioambiental e social-, que lonxe de entrar en contradicción uns con outros, deben apoiarse e reforzarse mutuamente.

Durante este mesmo período de tempo, a preocupación polo medio ambiente e a sostibilidade do desenvolvemento vai adquirindo cada vez maior importancia e a ecoloxía pasa a formar parte do pensamento filosófico actual, un

---

<sup>5</sup> <http://www.un.org/esa/sustdev/documents/agenda21/spanish/agenda21sptoc.htm>

<sup>6</sup> <http://www.cartadelatierra.org/>

<sup>7</sup> <http://www.un.org/spanish/conferences/wssd/>

pensamento que vai impregnando progresivamente toda a vida social e as institucións inmersas nesta.

Por outra parte, como consecuencia dos profundos cambios sociais, tódolos grupos que compoñen a sociedade vense forzados a facer fronte a unhas demandas de lexitimización das súas actividades. O desenvolvemento sostible e a responsabilidade medioambiental cobran especial importancia en aras da lexitimización de colectivos e institucións, e as empresas non quedan excluídas destes requirimentos<sup>8</sup>.

## **2. Sostibilidade e empresa: a Responsabilidade Social Corporativa (RSC)**

Sen embargo, non todo o mundo coincide en canto ós requirimentos de lexitimización na actividade empresarial. Existe unha corrente de opinión, tal como se recolle na introducción da Revista do Instituto de Estudios Económicos nº 4 de 2002, dirixida por Juan E. Iranzo, que cre que a principal responsabilidade da empresa ante os seus accionistas e ante a sociedade é a de xerar beneficios, e a través destes, riqueza e emprego, cumprindo as leis e sen caer en conductas impropias como a competencia desleal, a corrupción, a fraude ou o engano. Desde esta perspectiva mesmo cuestiónase que as empresas estean suxeitas a responsabilidades, posto que estas son unha calidade que só posúen os individuos. O artigo de Milton Friedman publicado en *The New York Times Magazine* no 1970 co título "*The social responsibility of business is to increase its profits*" é o referente básico nesta liña de pensamento. Para Friedman, a responsabilidade non está no ámbito da empresa, senón en tódolos estamentos sociais, incluída a administración, e son estes os que deben establecer as normas de xogo coas que as compañías deben actuar.

Outra corrente de pensamento sostén, polo contrario, que a función social das empresas non se acaba coa xeración de valor para os accionistas e o cumprimento das leis. Deben atender tamén as necesidades doutros grupos cos que se relacionan e ós que a súa actividade afecta dalgún xeito, como son os traballadores, os consumidores ou o conxunto da sociedade (*stakeholders*, na terminoloxía anglosaxona), mellorando a súa calidade de vida e contribuíndo ó desenvolvemento económico e ó progreso social das comunidades nas que operan.


Asumindo esta liña de pensamento, e partindo da base de que na sociedade de mercado na que vivimos, as empresas constitúen a unidade básica de

---

<sup>8</sup>Garrido Buj. La Responsabilidad Social de la Empresa: una revisión conceptual desde la óptica empresarial y académica. Revista do Instituto de Estudios Económicos nº 4. 2002. pp229-243

organización económica, non é difícil concluír que as compañías non poderían nunca ter éxito en sociedades que fracasan. Neste contexto, non só é impensable que o avance da sociedade cara ó desenvolvemento sostible poida facerse CONTRA as empresas, senón que tampouco podería concibirse SEN elas. Todo apunta, pois, á necesidade de que as empresas sexan capaces, neste novo escenario de “sostibilidade”, de definir adecuadamente a súa relación coa sociedade en xeral e co medio ambiente en particular.

A actuación das empresas a curto, medio e longo prazo está enmarcada dentro dunha serie de políticas (financeira, comercial, medioambiental, calidade, etc.). Neste marco de actuación, como xa se adiantou, os factores claves do seu éxito son o crecemento económico e maila rendibilidade, e é indubidable que estes pódense ver ameazados se o seu logro se fai a costa dun impacto negativo no medio ambiente e na sociedade.



Fonte: Soluziona<sup>9</sup>

Baixo esas premisas, a estratexia que adopten estas empresas e a súa propia subsistencia dependen, entón, dun desenvolvemento sostible non só desde o punto de vista económico, senón tamén desde o medioambiental e o social.

**“unha empresa é sostible cando, ademais de lograr unha conta de resultados económicos satisfactoria e maximizar o seu valor, é viable a curto e longo prazo pola súa contribución a un desenvolvemento sostible, tanto do seu contorno coma do noso planeta, todo iso con pleno respecto ós dereitos humanos individuais e colectivos”.**

*(Código de Goberno para a empresa sostible)<sup>10</sup>*


O compromiso público e efectivo da alta dirección asumindo e interiorizando unha serie de valores (visión a longo prazo, apertura no diálogo coas partes interesadas, integridade e responsabilidade social, respecto polo medio

<sup>9</sup> [http://www.soluziona.es/htdocs/areas/cyma/de\\_interes/articulos/desarrollo\\_sostenible.shtml](http://www.soluziona.es/htdocs/areas/cyma/de_interes/articulos/desarrollo_sostenible.shtml)

<sup>10</sup> <http://www.empresasostenible.info/pdf/versioncodigo.pdf>

ambiente...) é a primeira etapa no camiño cara á sostibilidade empresarial. E ese compromiso deberá constituir o fío conductor de tódalas actividades e decisións, anque o compromiso por si mesmo non é suficiente, xa que a empresa que queira alcanzar unha posición de liderado na sostibilidade ha de ir consolidando a súa estratexia dun xeito continuado e seguindo un programa establecido.

Pasar da forma de xestión empresarial tradicional, focalizada fundamentalmente no crecemento económico e no accionista, a este novo sistema, que ten como eixo de actuación o crecemento sostible e o diálogo e a transparencia coas partes interesadas, require un cambio cultural importante en tódolos membros da organización no que se debe investir moito esforzo e tempo.



Fonte: Soluziona<sup>11</sup>

**“os altos directivos han de ter en conta que as empresas e, por tanto, os seus máximos órganos de goberno, non só han de considerar os requirimentos e necesidades dos investidores e, por tanto, dos clientes, senón de todas aquelas persoas e organizacións que teñen algún tipo de interese ou influencia nas súas actividades”.**

*(Código de Goberno para a empresa sostible)<sup>12</sup>*

Seguindo a proposta da Fundación Entorno<sup>13</sup>, da que volveremos a falar máis adiante, e dependendo da actitude que adopte a empresa ante o reto do desenvolvemento sostible, poderíase falar de tres tipos de compañías:

<sup>11</sup> [http://www.soluziona.es/htdocs/areas/cyma/de\\_interes/articulos/desarrollo\\_sostenible.shtml](http://www.soluziona.es/htdocs/areas/cyma/de_interes/articulos/desarrollo_sostenible.shtml)

<sup>12</sup> <http://www.empresasostenible.info/pdf/versioncodigo.pdf>

<sup>13</sup> <http://www.fundacion-entorno.org/>

- ✓ Un primeiro tipo estaría constituído polas empresas convencionais. Englobaríanse aquí aquelas compañías que se limitan a actuar por imperativo legal. Son empresas para as que a propia lexislación actúa como unha lousa e desexarían cambiala para facela máis permisible. Están enfocadas exclusivamente cara ó accionista e cara ó resultado financeiro, e actúan de forma reactiva ante demandas de información de terceiras partes.
- ✓ O segundo tipo estaría constituído polas empresas socialmente responsables. Este grupo caracterízase por actuar proactivamente, non conformándose con cumprir estrictamente as leis, senón tratando de superalas, revertendo á sociedade parte dos seus beneficios a través de investimentos adicionais no capital humano, no contorno e nas relacións cos seus interlocutores.
- ✓ Nun último grupo incluíríanse aquelas empresas que se caracterizan por encontrarse cómodas ante os cada vez máis esixentes requirimentos da sociedade, en tódolos seus ámbitos, porque son capaces de asumir as novas responsabilidades do desenvolvemento sostible como vantaxe competitiva e diferenciadora. Para estas empresas, que son capaces de imbricar a sociedade na xestión da compañía, non ter regras supónlles incluso unha vantaxe, posto que contan con capacidade para adiantarse á lexislación. Esta terceira tipoloxía de empresas é a que realmente se encadra no que sería unha verdadeira “empresa sostible”.

Fonte: Fundación Entorno. 2003.

| Empresa convencional   | Empresa socialmente responsable  | Empresa sostible  |
|--|--|---|
| Maximizar o beneficio para os seus accionistas   | Maximizar o beneficio para os accionistas revertindo unha parte á sociedade na que opera coa fin de compensar en parte as externalidades negativas que produce | Maximizar a creación de riqueza para a sociedade na que opera, creando produtos e servicios |
| Cumplir as regras de xogo  | Evitar os efectos perniciosos que poidan ter os produtos e servicios que pon no mercado  | Aproveitar as oportunidades que a mellora da calidade de vida ofrece para os negocios       |
| Atender as demandas de información   | Mostrar o seu compromiso social  | Favorecer a participación da sociedade na compañía para buscar solucións conxuntamente      |
| As novas responsabilidades deben conlevar novas leis que se deben facer cumprir para todos | As novas responsabilidades favorécenme. Precisamos poucas regras   | As novas responsabilidades diferéncianme. Cantas menos regras, mellor                       |
| Reactiva   | Proactiva  | Líder   |

As empresas sostibles non ven no medio ambiente ou na creación dun mundo máis xusto unha ameaza, senón unha oportunidade de incalculables beneficios;

beneficios para os seus accionistas e, por que non, para as sociedades ás que serven.

Este compromiso da empresa de contribuír ó desenvolvemento sostible, traballando cos seus empregados, as súas familias e a comunidade local, así como coa sociedade no seu conxunto para mellorar a súa calidade de vida é o que se denomina Responsabilidade Social Corporativa (RSC), de acordo coa Fundación Entorno, criterio este que, á falta dunha definición consensuada e universalmente aceptada, será o adoptado ó longo desta exposición.

En contraposición a estas empresas, non se pode negar a evidencia de que, na actualidade, existe un grupo aínda moi numeroso de compañías nas que calquera normativa laboral, medioambiental, fiscal, etc., é percibida como un impedimento para os seus obxectivos de crecemento e rendibilidade, e para as que sortear a lei non supón problema ético ningún.

Convén sinalar por último que, se ben o incumprimento da lei representa un claro exemplo do que se podería dar en chamar irresponsabilidade corporativa, o cumprimento da mesma non significaría en si mesmo que a empresa asumise os principios de sostibilidade. Polo contrario, ser socialmente responsable require evidenciar pro-actividade no cumprimento da lei, deixando constancia da superación da mesma e buscando, ademais, o retorno de beneficios á sociedade a través de compromisos non lexislados.

Neste contexto que describimos, é evidente que o futuro ten que pasar, necesariamente, por encontrar un equilibrio entre o crecemento económico, a protección do medio ambiente e dos seus recursos e a construción dunha sociedade máis xusta. Os negocios formarán parte tanto do camiño coma do resultado final.

**“Os pioneiros obterán as oportunidades; os seguidores, as dores de cabeza”.**

### **3. Algunhas iniciativas en materia de Responsabilidade Social Corporativa**

Durante os anos 90, e en paralelo ó avance do concepto de desenvolvemento sostible, comezouse a concretar, a través de diversas iniciativas, a idea de cómo as empresas terían que comprometerse.

Dada a importante repercusión dalgunhas delas, vale a pena deterse neste punto para comentar en maior detalle cinco iniciativas (as tres primeiras promovidas por organizacións públicas e as outras dúas impulsadas por colectivos empresariais):

1. O Pacto Mundial de Nacións Unidas (The Global Compact)
2. As Directrices da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) para empresas multinacionais
3. O Libro Verde da Comisión das Comunidades Europeas “Fomentar un marco europeo para a Responsabilidade Social das Empresas”
4. World Business Council for Sustainable Development (WBCSD)
5. Corporate Social Responsibility Europe (CSR Europe)

### **3.1. O Pacto Mundial de Nacións Unidas (The Global Compact)<sup>14</sup>**

Esta iniciativa, auspiciada polo Secretario Xeral de Nacións Unidas, Kofi Annan, foi anunciada no Foro Económico Mundial de Davos, en xaneiro de 1999, e posta en marcha oficialmente na sé de Nacións Unidas en xuño de 2000.

O Pacto Mundial de Nacións Unidas ou The Global Compact, no que a setembro de 2003 participan xa 1.400 empresas, estase convertendo rapidamente no primeiro foro internacional destinado a examinar as cuestións críticas relacionadas coa globalización.

O Pacto ten como misión difundir os beneficios da globalización e evitar os efectos negativos da mesma, dando a coñecer e invitando ós empresarios a cumprir e a adoptar nove principios universais, que se derivan da aplicación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos da ONU, dos Principios Fundamentais da Organización Internacional do Traballo e da Declaración de Rio sobre Desenvolvemento e Medio Ambiente. Así mesmo, a través deste pacto promóvense os valores fundamentais para satisfacer as necesidades socioeconómicas mundiais e reclámase a colaboración e o compromiso das compañías multinacionais para traballar xunto coas Nacións Unidas en pro da sostibilidade dos mercados e na busca de solucións en ámbitos sociais.

O Pacto Mundial é unha iniciativa de carácter voluntario destinada a servir de marco xeral para fomentar a responsabilidade cívica mediante un liderado empresarial comprometido e creativo. E en ningún caso se trata dun instrumento de regulación, un código con forza xurídica obrigatoria nin un foro para a formulación de normas e prácticas de xestión. Tampouco é un refuxio que permita ás empresas subscribilo sen demostrar un interese e uns resultados reais.

Os nove principios que promulga o Pacto Mundial son:

---

<sup>14</sup> <http://www.unglobalcompact.org/Portal/>

### *Dereitos humanos*

1. As empresas deben apoiar e respectar a protección dos dereitos humanos proclamados a nivel internacional, e
2. evitar verse involucradas en abusos dos dereitos humanos

### *Normas laborais*

3. As empresas deben respectar a liberdade de asociación e o recoñecemento efectivo do dereito á negociación colectiva
4. a eliminación de toda forma de traballo forzado ou obrigatorio
5. a abolición efectiva do traballo infantil, e
6. a eliminación da discriminación en relación ó emprego e á ocupación

### *Medio Ambiente*

7. As empresas deben apoiar a aplicación dun criterio de precaución respecto dos problemas medioambientais
8. adoptar iniciativas para fomentar unha maior responsabilidade medioambiental, e
9. promover o desenvolvemento e a difusión de tecnoloxías respectuosas co medio ambiente.

O Pacto Mundial non é un club exclusivo. Máis ben ó contrario, trátase dun foro accesible que ten por obxectivo contar cunha ampla participación de diversas empresas e outras organizacións.

As empresas que desexan participar deben enviar unha carta do seu Director Xeral ó Secretario Xeral de Nacións Unidas, comprometéndose a facer unha declaración pública de apoio ós seus nove principios, a promovelos entre os seus empregados, accionistas, clientes e provedores, e a presentar unha vez ó ano un exemplo concreto dos avances logrados ou da experiencia adquirida na execución destes principios para facelo público mediante a páxina Web do Pacto Mundial.

O éxito desta iniciativa medirase pola súa eficacia á hora de producir cambios e estimular a adopción de medidas para lograr resultados tanxibles.

### **3.2. As Directrices da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) para empresas multinacionais<sup>15</sup>**

No ano 2000 xorden, como iniciativa da OCDE, unhas Directrices nas que se empeza a traballar en 1976 e que buscan mellorar a relación entre os negocios e a sociedade, establecendo claramente os dereitos e responsabilidades das empresas multinacionais.

O principal obxectivo das Directrices é establecer políticas voluntarias que promovan a transparencia empresarial, especificamente sobre as relacións laborais, a administración do medio ambiente, sobornos, competencia, intereses dos consumidores e difusión de ciencia e tecnoloxía.

As Directrices conteñen recomendacións sobre aspectos sociais e medioambientais realizadas por 33 gobernos (os membros da OCDE máis Arxentina, Chile e O Brasil), dirixidas ás empresas multinacionais procedentes destes países ou operando neles, e como tal son na actualidade o único código multilateralmente adoptado.

As Directrices desenvolven cuestións de responsabilidade social, desde as relacións laborais e o medio ambiente á publicación de información, a competencia, a ciencia e tecnoloxía, a fiscalidade e a corrupción. Promoven como principios xerais:

- contribuír ó progreso económico, social e medioambiental co obxectivo de lograr un desenvolvemento sostible
- respectar os dereitos humanos das persoas afectadas polas actividades da empresa
- estimular a xeración de capacidades locais mediante unha cooperación estreita coa comunidade local
- fomentar a formación do capital humano, e
- outros, relacionados co desenvolvemento de boas prácticas de goberno empresarial e de relacións de confianza entre a empresa e as sociedades nas que desenvolve a súa actividade

O máis destacable destas Directrices é a súa intención de implicar ás compañías multinacionais no desenvolvemento sostible de tódolos países nos que levan a cabo as súas actividades, sobre todo cando actúan en países en vías de desenvolvemento.

---

<sup>15</sup> <http://www.oecd.org/home/>

### **3.3 O Libro Verde da Comisión das Comunidades Europeas “Fomentar un marco europeo para a Responsabilidade Social das Empresas”<sup>16</sup>**

En xullo de 2001, a Comisión Europea presenta o Libro Verde que leva por título “Fomentar un marco europeo para a Responsabilidade Social das Empresas”, co que se pretende, en primeiro lugar, abrir un debate sobre este concepto, e en segundo lugar, avaliar cómo se pode promover dentro da Unión Europea a Responsabilidade Social Corporativa.

Como antecedentes desta publicación son xeralmente aceptados o chamamento de Delors e os Consellos Europeos de Lisboa e Goteburgo:

- ✓ En 1993, o Presidente da Comisión Europea, Jacques Delors, insta ás empresas a loitar contra a exclusión social, e en 1995 asina, co apoio dos máximos responsables de vinte grandes empresas, a Declaración de Empresas a favor da cohesión social, constituíndo a “European Business Network for Social Cohesion”. O enfoque desta declaración é claramente social, ó facerse nela fincapé na necesidade de contribuír ó fomento de políticas de xestión empresarial máis favorables ó crecemento do emprego, e na necesidade de previr a exclusión social en Europa.
- ✓ No Consello Europeo de Lisboa concrétese a idea de Responsabilidade Social das Empresas en torno a “prácticas correctas”; se abordan cuestións referidas á formación continua, á organización do traballo, á igualdade de oportunidades, á cohesión social e ó desenvolvemento sostible. No seguinte Consello, celebrado en xuño de 2001 en Goteburgo, lánzase a mensaxe de que a longo prazo o crecemento económico tería que avanzar en paralelo cos aspectos anteriormente mencionados.

No Libro Verde, a Responsabilidade Social das Empresas defínese como segue:

**“A integración voluntaria das preocupacións sociais e medioambientais nas súas operacións comerciais e as súas relacións cos seus interlocutores”.**

Este documento apunta como factores que impulsan o avance da Responsabilidade Social da Empresa os seguintes: as novas inquietudes e expectativas dos consumidores, as Administracións Públicas e investidores, os criterios sociais que inflúen cada vez máis nas decisións de investimento, a preocupación polo deterioro medioambiental que provocan as actividades económicas e o aumento da demanda de transparencia na actividade empresarial.

Así mesmo, establece que a responsabilidade social inclúe non só ós traballadores e accionistas, senón a un amplo abano de partes interesadas: socios comerciais e provedores, consumidores, autoridades públicas e ONGs.

---

<sup>16</sup> [http://europa.eu.int/eur-lex/é/com/gpr/2001/com2001\\_0366es01.pdf](http://europa.eu.int/eur-lex/é/com/gpr/2001/com2001_0366es01.pdf)

O Libro Verde divide as áreas de contido da Responsabilidade Social en dous grandes bloques:

- ✓ o relativo a aspectos internos: xestión de recursos humanos, saúde e seguridade no traballo, adaptación ó cambio, xestión do impacto medioambiental e dos recursos naturais
- ✓ o relativo a aspectos externos: comunidades locais, socios comerciais, provedores e consumidores, dereitos humanos, problemas ecolóxicos mundiais

Como resultado do debate xerado a raíz da publicación do Libro Verde, a Comisión realizou en 2002 unha Comunicación<sup>17</sup> a partir das máis de 250 respostas recibidas.

En todas estas respostas transmítese a satisfacción por esta iniciativa e confírmase a utilidade de manter un debate aberto sobre o concepto de Responsabilidade Social.

Sen embargo, obsérvanse diverxencias importantes entre as posicións expresadas polas empresas, os sindicatos e organizacións da sociedade civil, os investidores, as organizacións de consumidores, o Consello, o Comité Económico e Social, o Comité das Rexións e o Parlamento Europeo. Estas diverxencias céntranse principalmente na voluntariedade ou obrigatoriedade de acometer estes temas por parte das empresas.

Así mesmo, as respostas poñen de manifesto algúns dos desafíos que presenta a difusión xeneralizada da Responsabilidade Social, tales como:

- Falta de información sobre a relación que existe entre a responsabilidade social e os resultados económicos das empresas
- Ausencia de consenso entre as distintas partes interesadas
- Escasa educación e formación sobre o papel da Responsabilidade Social das Empresas
- Insuficiente sensibilización das pequenas e medianas empresas (PEME) e recursos limitados destas
- Falta de transparencia, que se deriva da inexistencia de instrumentos amplamente recoñecidos para deseñar, administrar e divulgar as políticas en materia de Responsabilidade Social
- Escaso recoñecemento e apoio dos consumidores e investidores con respecto ós comportamentos socialmente responsables das empresas
- Falta de coherencia das políticas públicas

---


<sup>17</sup> [http://europa.eu.int/eur-lex/é/com/cnc/2002/com2002\\_0347es01.pdf](http://europa.eu.int/eur-lex/é/com/cnc/2002/com2002_0347es01.pdf)

### 3.4. World Business Council for Sustainable Development (WBCSD)<sup>18</sup>

WBCSD é unha asociación fundada en 1991 da que forman parte na actualidade 165 compañías internacionais dos vinte sectores industriais de maior importancia procedentes de máis de trinta países. O seu representante en España é a Fundación Entorno, xa mencionada anteriormente. A súa misión é achegar liderado empresarial e actuar como catalizadores do cambio cara ó desenvolvemento sostible, promovendo a eco-eficiencia, a innovación e a Responsabilidade Social Corporativa. Entre os seus obxectivos figuran participar na elaboración de políticas que creen un marco apropiado que permita ós negocios contribuír eficazmente nestes temas, intercambiar experiencias entre os seus membros e demostrar o progreso.

O diálogo cos diversos *stakeholders* e a creación de grupos de traballo no seo da organización permitiron elaborar unha serie de documentos dirixidos ós seus asociados, cos que pretende contribuír a clarificar o concepto de RSC e desenvolver ferramentas para a súa posta en práctica. De acordo con esta documentación, identificáronse inicialmente como áreas de actuación os dereitos dos empregados, a protección do medio ambiente, a participación na comunidade e as relacións cos provedores. Con posterioridade, incorporáronse outras variables, como a transparencia, a educación do consumidor e a corrupción.

O WBCSD recoñece que a definición das fronteiras da RSC é un "reto continuo", e propón diversas perspectivas para a reflexión individual de cada compañía. Unha delas é a das "esferas de influencia", na que se definen as diferentes áreas de responsabilidade das compañías como esferas de diferente diámetro tal como se representa no gráfico adxunto.



Fonte: World Business Council for Sustainable Development (WBCSD)

<sup>18</sup> <http://www.wbcds.ch/templates/TemplateWBCSD4/layout.asp?MenuID=1>

Na menor das esferas, a empresa ten o poder de decisión e o control. A este ámbito corresponden aspectos como: a definición de estándares de traballo, a xeración de emprego, a seguridade e hixiene no traballo, o consumo de recursos enerxéticos, auga e outros materiais, a eco-eficiencia...

Na seguinte esfera inclúense os "terceiros" cos que a empresa mantén unha intensa relación de negocios (clientes, provedores, competidores...). Nesta esfera de influencia desenvólvense actuacións relacionadas con: a negociación de convenios colectivos e condicións de traballo do sector no que opera, as esixencias a provedores e compromisos cos clientes, o establecemento de acordos coa administración pública...

Na terceira esfera, a empresa proxecta a súa influencia e participa na comunidade local na que desenvolve as súas actividades. Corresponden a este nivel aspectos relacionados con: a participación en programas de desenvolvemento local, o apoio á cohesión social da comunidade...

Na cuarta e última esfera, a empresa proxecta a súa influencia e interacciónase co conxunto da sociedade, poñendo en marcha actuacións como: a creación dun marco político e normativo favorable á iniciativa empresarial, as políticas e normativas medioambientais, as políticas sobre emprego...

Outra proposta interesante de WBCSD é a da "cadea de valor", que permite facer unha análise da mesma para axudar á empresa a delimitar as fronteiras da RSC.

### **3.5 Corporate Social Responsibility Europe (CSR Europe)<sup>19</sup>**

CSR Europe é unha rede de empresas continuadora daquel colectivo que en 1995 se asociou baixo a denominación de European Business Network for Social Cohesion, en resposta ó chamamento de Jacques Delors, que ten como representante en España desde 1998 á Fundación Empresa y Sociedad. A súa misión é axudar ás compañías a conseguir beneficios, crecemento sostible e progreso humano, situando a Responsabilidade Social Corporativa no eixe principal da práctica empresarial.

As compañías que forman parte desta asociación -60 na actualidade- comprométense a asumir e promover os principios que recolleamos a continuación como parte do éxito empresarial:

- Xestionar os seus negocios contribuíndo ó benestar económico e ó desenvolvemento sostible das comunidades nas que operan

---

<sup>19</sup> <http://www.csreurope.org>

- Ofrecer ós seus empregados condicións de traballo saudables e seguras, retribucións xustas, boa comunicación, así coma igualdade de oportunidades de emprego e desenvolvemento persoal
- Ofrecer produtos de calidade e servizos seguros a prezos competitivos, satisfacer as necesidades dos clientes con dilixencia e traballar responsablemente con tódolos seus socios
- Minimizar o impacto negativo que as súas actividades poidan xerar no medio ambiente e os seus recursos, esforzándose en subministrar ós seus clientes produtos e servizos que teñan en conta a sostibilidade
- Responsabilizarse dos impactos económicos, sociais e medioambientais das súas actividades ante os *stakeholders* clave, a través do diálogo e transparencia
- Operar con prácticas de Bo Goberno e apoiar os máis altos estándares empresariais éticos
- Dar beneficios ós seus accionistas, ó tempo que cumpre os principios anteriormente recollidos

Formar parte desta asociación permite ás empresas acceder a unha información permanentemente actualizada en temas de Responsabilidade Social, recibir apoio e consello para as súas actividades, dispoñer de medios de adestramento e foros de diálogo, intercambiar experiencias e coñecer a implantación de boas prácticas.

Unha achega importante desta organización foi o desenvolvemento dunha guía dirixida ás pequenas e medianas empresas (SME Key), que as axuda a meterse no camiño da Responsabilidade Social Corporativa, a avaliar a súa situación e a publicar o seu primeiro informe.

#### **4. A Implantación de políticas e prácticas de Responsabilidade Social Corporativa**

Como xa se adiantou, a implantación da Responsabilidade Social pasa necesariamente pola adhesión das compañías ós compromisos de sostibilidade xa universalmente recoñecidos pola comunidade internacional, empezando pola alta dirección. Pero estes compromisos non poden quedar en meras declaracións de intencións, senón que deben traducirse en obxectivos concretos, plans de acción e medidas de realización que informen adecuadamente do progreso.

Aínda asumindo que non existen directrices xerais sobre cómo establecer unha política de RSC e que cada compañía debe afrontar o tema de modo diferente, dependendo dos seus valores corporativos, a súa identidade e cultura, etc., describíense a continuación algunhas das prácticas máis amplamente aceptadas que contribúen á implantación destes programas.

É importante sinalar que, se ben existen referencias moi aceptadas e sólidas que expoñen en detalle algunhas ferramentas que contribúen a implantar por separado cada un dos tres aspectos da Responsabilidade Social Corporativa (económico, social e medioambiental), empezan a aparecer algunhas iniciativas encamiñadas a establecer programas de responsabilidade en toda a súa extensión, como, por exemplo, o Código de Goberno para a Empresa Sostible, que se comentará máis adiante.

A continuación, detállanse para os apartados social e medioambiental cáles son na actualidade os referentes máis aceptados a nivel internacional para a súa implantación. Nesta exposición non se abordan en detalle ferramentas específicas da implantación do aspecto económico, posto que este é quizais, dos tres aspectos da sostibilidade, no que máis se traballou historicamente. O accionista foi o primeiro *stakeholder* ó que a empresa tivo que ter en conta e as ferramentas son máis específicas, estandarizadas e coñecidas.

#### **4.1. A xestión social**

Dentro do elemento social están encadrados todos aqueles aspectos relacionados co respecto ós dereitos humanos, as condicións laborais de tódalas persoas que directa ou indirectamente realizan traballos para a empresa e as actuacións de cooperación e colaboración coa comunidade na que a empresa realiza as súas actividades.

A medida que se fixo cada vez máis evidente o deterioro dos aspectos relacionados coa responsabilidade social (condicións de traballo infrahumanas, traballo infantil, maltrato físico...), as empresas foron tomando conciencia da importancia dos mesmos e decidiron poñer en marcha unha serie de políticas e estratexias que lles axudasen a facer fronte a estes problemas. Entre as medidas máis comúns postas en marcha encóntranse:

- a. A adhesión a iniciativas a nivel mundial
- b. O desenvolvemento de Códigos de Conduta e políticas de Responsabilidade Social
- c. A implantación de sistemas de xestión social
- d. A creación de fundacións e realización de alianzas, e a participación en campañas solidarias

a. A adhesión a iniciativas a nivel mundial. No tocante a este punto xa se fixo algunha referencia como por exemplo cando se comentaron as características do Pacto Mundial de Nacións Unidas (The Global Compact).

b. O desenvolvemento de Códigos de Conducta e políticas de Responsabilidade Social. En relación ós Códigos de Conducta é importante destacar que se trata de declaracións de principios e intencións que deben ser respectados por tódalas persoas que se relacionan dalgunha maneira coas empresas ás que pertencen. O obxectivo destes códigos é regular tódalas cuestións que teñan que ver coas interrelacións que se producen entre os diferentes *stakeholders*.

Estes códigos deben cubrir os aspectos clave para o desenvolvemento dos negocios e, por tanto, deben estar fundamentados nos valores e principios que apoién a misión da compañía. Están orientados a conseguir un alto nivel de integridade nos comportamentos das partes e unha verdadeira coherencia entre o "código" e a "conducta" ou "comportamento".

Pero non abonda coa definición dun Código de Conducta no que se especifiquen os comportamentos desexables e os non permitidos para unha efectiva implantación destas políticas na empresa; é necesario, ademais, desenvolver un sistema de comunicación e formación *ad hoc* e poñer en marcha procedementos de asesoramento e vixilancia de seu cumprimento.

Para que un código cumpra os obxectivos para os que foi creado é necesario que, na súa definición, se teñan en conta aspectos como:

- ✓ O liderado e a visión a longo prazo: o interese e exemplo que ofrezan os directivos da organización
- ✓ A participación: conséguese unha implantación máis efectiva na medida en que se fai participar a empregados dos diversos niveis e áreas funcionais da empresa
- ✓ A coherencia: o contido do código debe ser coherente coas actividades empresariais que a compañía realiza de cara ó exterior e de portas a dentro
- ✓ A singularidade: cada organización debe ter o seu propio código, único, específico e adecuado ós seus integrantes
- ✓ A aplicabilidade: debe contemplar mecanismos que aseguren a súa efectiva aplicación

Non se trata de vestir con aparencia máis ou menos rimbombante unha ferramenta, senón de usala en beneficio de tódolos compoñentes da organización.

Cabe engadir que a Comisión das Comunidades Europeas considera necesario que os Códigos de Conducta que se formulen nas empresas reúnan determinadas características:

- Teñan como normas mínimas comúns de referencia os convenios fundamentais da OIT e as Directrices da OCDE para as empresas multinacionais

- Inclúan mecanismos adecuados de avaliación e control da súa aplicación, así coma un sistema de avaliación da conformidade
- Impliquen na súa elaboración, aplicación e control ós interlocutores sociais e outras partes interesadas, inclusive dos países en desenvolvemento
- Divulguen as experiencias e prácticas correctas das empresas europeas.

Actualmente, existen numerosos estándares que serven de base para a redacción de Códigos de Conducta, entre os que se destacan os seguintes: a Norma SA 8000<sup>20</sup>, a Fair Labor Association (FLA)<sup>21</sup>, a Ethical Trading Initiative (ETI)<sup>22</sup> e a Campaña Roupa Limpa (CCC)<sup>23</sup>, este último específico para a industria téxtil.

c. A implantación de sistemas de xestión social. A norma SA 8000, que se acaba de comentar, ademais de servir de base para a redacción de Códigos de Conducta, é unha norma, amplamente estendida, para a implantación de sistemas de xestión social, que comentaremos a continuación en maior detalle.

A SA 8000 é unha norma de Responsabilidade Social, recoñecida internacionalmente, emitida pola Social Accountability International (SAI), cunha estrutura e funcionamento en consonancia coas normas ISO e que constitúe un modelo para que a empresa desenvolva os seus valores éticos respecto á responsabilidade social, os aplique no seu ámbito de actuación e os promova na súa esfera de influencia. Así mesmo, permite unha verificación da produción ética de bens e servicios e busca garantir os dereitos básicos dos traballadores e introducir os dereitos humanos dentro da xestión empresarial (non só no ámbito da propia empresa, senón tamén en toda a súa cadea de valor).

Os contidos fundamentais que aborda a norma SA 8000 son os seguintes:

- ✓ Traballo infantil
- ✓ Traballo forzado
- ✓ Seguridade e saúde laboral
- ✓ Liberdade de asociación e dereito á negociación colectiva
- ✓ Discriminación
- ✓ Práctica disciplinaria
- ✓ Xornada laboral

---

<sup>20</sup> <http://www.cepaa.org>

<sup>21</sup> <http://www.fairlabor.org>

<sup>22</sup> [http://www.eti.org.uk/pub/resources/latinam/costarica-intro\\_é/index.shtml](http://www.eti.org.uk/pub/resources/latinam/costarica-intro_é/index.shtml)

<sup>23</sup> <http://www.cleanclothes.org/>

- ✓ Compensación
- ✓ Sistema de xestión da empresa

Esta norma incorpora unha verificación independente con relación ó cumprimento dos seus estándares, baseada nas técnicas de auditoría ISO, e propón auditores independentes para certificar ás compañías.

Cabe destacar que a SA 8000 ten a súa base na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, a Convención das Nacións Unidas sobre a Eliminación de toda forma de Discriminación contra a Muller, e as Convencións e Recomendacións da Organización Internacional do Traballo, e establece que:

**“Cando tanto a lexislación nacional e os outros dereitos aplicables, como as obrigacións ás que a empresa se someta, como a presente Norma traten da mesma cuestión, considerárase aplicable a regulación máis estricta”.**

d. A creación de fundacións e realización de alianzas, e a participación en campañas solidarias. Respecto a este tema é importante comentar que estas actividades en ningún caso implican, por si soas, unha conducta socialmente responsable por parte dunha empresa. Poden, en todo caso, complementar e colaborar na consecución desta e poden implicar beneficios importantes para a sociedade á que van destinadas.

#### **4.2. A xestión medioambiental**

A xestión medioambiental é outro dos tres factores do desenvolvemento sostible e, nalgúns casos, pola actividade de determinadas empresas, o máis importante.

A diferenza do que ocorre coa responsabilidade social, o primeiro reto que se lles presenta ás empresas neste aspecto é o cumprimento das leis que lles aplican. Por tanto, é necesario, no camiño cara á sostibilidade, unha firme vontade de cumprir a normativa medioambiental vixente (Unión Europea – Estado – Comunidade Autónoma).

A este respecto, a lexislación actual fai referencia a:

- Instrumentos de Tutela Ambiental. Ambiente e Industria: Lei do libre acceso á Información Medioambiental
- Augas e Costas
- Atmosfera
- Conservación da Natureza, Fauna e Flora

- Impacto Medioambiental
- Residuos. Substancias e Preparados Perigosos: Lei de Envases e Lei de Residuos
- Actividades Clasificadas
- Ordenación do Territorio
- Estructura Orgánica
- Axudas, Subvencións e Premios

De forma adicional ó cumprimento coa normativa ou lexislación vixente, as empresas utilizan outros instrumentos para demostrar a terceiros a súa actuación medioambiental. Estes instrumentos, alomenos os máis utilizados, refírense á implantación de Sistemas de Xestión Medioambiental certificados sobre a base de esquemas internacionalmente recoñecidos. Cabe mencionar, como máis relevantes, a norma ISO 14000<sup>24</sup>, emitida pola International Standard Organization (ISO), que especifica os requisitos a cumprir polos Sistemas de Xestión Medioambiental e, no ámbito europeo, o Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Medioambiental (EMAS)<sup>25</sup>.

A familia de estándares de xestión medioambiental ISO 14000 foi desenvolvida co fin de poñer a disposición das empresas unha ferramenta práctica, para a posta en marcha de accións que permitan obter un desenvolvemento sostible desde o punto de vista medioambiental.

O estándar internacional ISO 14001 é o sistema con maior recoñecemento a nivel mundial como ferramenta de apoio ás organizacións para xestionar de forma adecuada o impacto das súas actividades no medio ambiente e para demostrar unha xestión medioambiental sólida e de confianza.

A ISO 14001 foi deseñada coa flexibilidade suficiente para ser aplicable a organizacións de calquera tamaño, tanto no sector público coma no privado. Axuda ás organizacións a establecer un sistema de xestión medioambiental ou mellorar o que xa posúen. Este estándar foi utilizado a finais de 2001, como modelo para a implantación de Sistemas de Xestión Medioambiental, por case 37.000 organizacións en 112 países.

A ISO 14001 é unha poderosa ferramenta para evolucionar desde o cumprimento da lexislación ata unha posición de mellora da produtividade e de alcance de vantaxes competitivas.

Así mesmo, é un sistema que inspira e canaliza a creatividade de tódolos membros da organización, facendo deles axentes activos do cambio cara á

---

<sup>24</sup> <http://www.iso.ch/iso/en/iso9000-14000/iso14000/iso14000index.html>

<sup>25</sup> <http://www.gobiernodecanarias.org/medioambiente/calidad/emas/>

protección medioambiental, a conservación dos recursos e a mellora da eficiencia.

A norma ISO 14000 comparte principios básicos de xestión e conceptos cos sistemas de calidade (ISO 9000) e permite, ó igual ca eles, a súa certificación.

Entre as diferencias que se contan entre os dúas sistemas, destaca a garantía de cumprimento da lexislación aplicable que preside os Sistemas de Xestión Medioambiental (ISO 14000), aspecto este que non se encontra entre os requisitos das Normas de Calidade (ISO 9000).

O Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Medioambiental (EMAS) constitúe unha ferramenta de xestión para as empresas ou organizacións que permite avaliar, informar e mellorar o seu comportamento en materia medioambiental.

O esquema EMAS é voluntario e está a disposición de calquera organización, pública ou privada, que desexe mellorar o seu comportamento en materia de medio ambiente. Está aberto ás empresas pertencentes ós Estados membros da Unión Europea e do Espacio Económico Europeo (Noruega, Islandia e Liechtenstein), e cada vez máis países candidatos están aplicando o sistema como forma de preparación para a súa adhesión á UE.

Entre as vantaxes que obteñen as Organizacións que participan en EMAS cabe salientar as seguintes:

- ✓ Xestión medioambiental de calidade
- ✓ Aumento da credibilidade da organización
- ✓ Aumento do incentivo e do espírito de equipo do empregado
- ✓ Aumento do nivel de sensibilización do empregado
- ✓ Mellora da imaxe da organización
- ✓ Reducción dos custos e do número de normas
- ✓ Novas oportunidades de negocio
- ✓ Aumento da confianza do consumidor
- ✓ Mellora nas relacións cos consumidores, o contorno municipal e os reguladores

O EMAS, ademais dos requisitos dun sistema de xestión medioambiental, outorga especial importancia ó respecto á lexislación, á mellora do comportamento medioambiental, á comunicación externa e á implicación dos empregados.

Para recibir un rexistro EMAS, unha organización debe cumprir cos seguintes requisitos:

- Proceder a un estudio medioambiental das súas actividades, produtos e servizos, métodos de avaliación dos mesmos, lexislación e regulación e prácticas e procedementos de xestión medioambiental xa existentes.
- Establecer un sistema de xestión medioambiental eficaz que lle permita mellorar o seu comportamento en materia de medio ambiente. O sistema de xestión debe establecer responsabilidades, obxectivos, métodos, procedementos operativos, necesidades de formación, supervisión e sistemas de comunicación.
- Levar a cabo auditorías medioambientais, avaliando en particular o sistema de xestión de acordo á política e ó programa da organización, así coma o cumprimento dos requirimentos legais en materia medioambiental.
- Emitir unha declaración sobre os resultados do seu comportamento en materia medioambiental, tanto no tocante ó cumprimento dos seus obxectivos coma nos plans de mellora da actuación medioambiental da organización.

O estudo inicial, o sistema de xestión, o procedemento de auditoría e a declaración sobre os resultados do comportamento na materia deben ser aprobados por un verificador acreditado de EMAS. A declaración validada ten que ser enviada a un organismo competente para ser rexistrada e posta a disposición pública, antes de que unha organización poida utilizar o logotipo EMAS.

Por todo iso, a Comisión recoñeceu que a norma internacional para os sistemas de xestión medioambiental ISO 14001 pode constituír unha etapa previa a EMAS.

A adopción de ISO 14001 como elemento do sistema de xestión medioambiental EMAS permitirá ás organizacións pasar da norma ISO 14001 a esta outra sen duplicar esforzos. Ademais, EMAS esixe ás organizacións que efectúen unha avaliación medioambiental previa e que, no marco da declaración medioambiental, se poña a disposición do público a política, o programa, o sistema de xestión e os detalles sobre o resultado de seu comportamento en materia de medio ambiente.

### **4.3. Código de Goberno para a empresa sostible**

Tal como se comentou anteriormente, empezan a aparecer iniciativas en distintos países que abordan na súa globalidade a implantación do concepto de Responsabilidade Social Corporativa, adaptándoo á realidade da súa cultura, idiosincrasia e necesidades do seu contorno. No ámbito español, cabe destacar o Código de Goberno para a Empresa Sostible, desenvolvido pola Fundación

Entorno, PricewaterhouseCoopers e a Escola de Negocios IESE en marzo de 2002.

O obxectivo deste código é lograr que o goberno das empresas integre nas súas actividades e decisións os principios do desenvolvemento sostible, de forma que os consellos de administración teñan en consideración non só ós accionistas das empresas, senón a tódolos axentes involucrados no proceso empresarial.

As motivacións básicas que fixeron posible a elaboración deste código son:

- O crecente consenso social sobre a necesidade do desenvolvemento sostible
- A busca da satisfacción de tódalas partes interesadas
- O convencemento da relación entre sostibilidade e creación de valor a longo prazo
- A importancia de aspectos éticos contemplados no desenvolvemento sostible.

Este Código de Goberno, que se adhire ó espírito da Carta da Terra, avoga porque as empresas cumpran cos principios recollidos no Pacto Mundial das Nacións Unidas, e mostra a súa conformidade co espírito do Libro Verde da Comisión das Comunidades Europeas.

Segundo este código, a empresa sostible é aquela que contribúe á crecente creación de riqueza, á integridade ecolóxica do planeta, á xustiza social e á solidariedade. Así mesmo, a empresa sostible contribúe á democracia indispensable para a paz, á seguridade e á erradicación do terrorismo e toda forma de violencia, e ó progreso da humanidade en tódolas ordes.

De todo isto despréndese que a empresa sostible deberá colaborar na gobernabilidade do sector público dos países democráticos, respectar, defender e promover os valores contemplados neste Código nos países non democráticos, cando teña operacións nos mesmos, e evitar calquera forma de apoio por acción ou omisión a gobernos e sistemas non lexítimos.

O Código establece que, para a creación de valor de forma duradeira, as empresas han de satisfacer non só ós seus clientes e accionistas, senón a tódalas partes interesadas.

Así mesmo, clasifica en tres tipos os *stakeholders*, en función da súa relación coa empresa:

- Partes interesadas consubstanciais: aquelas sen as cales a propia existencia da empresa é imposible (empregados, accionistas e investidores, socios estratéxicos).

- Partes interesadas contractuais: aquelas coas que a empresa ten algún tipo de contrato formal (clientes, provedores e subcontratistas, institucións financeiras).
- Partes interesadas contextuais: aquelas que desempeñan un papel fundamental na consecución da necesaria credibilidade das empresas e, en último termo, na aceptación das súas actividades; así mesmo, son as que representan dunha maneira máis firme e segura a defensa de bens comúns como o medio ambiente, a paz, a seguridade, a liberdade e a xustiza (administración pública, creadores de opinión e coñecemento, comunidades locais, gobernos e sociedades).

Posto que o desenvolvemento sostible introduce a noción de escaseza dos recursos e a de corresponsabilidade das empresas e das sociedades onde operan, o código explica que interiorizar este concepto pode xerar novas vantaxes competitivas duradeiras. O desenvolvemento sostible fala da necesidade de aplicar este criterio tanto nas operacións que as empresas realizan nos países desenvolvidos coma, sobre todo, nas que levan a cabo nos países subdesenvolvidos e en vías de desenvolvemento.

De acordo con este Código, os valores en que ha de basearse o goberno da empresa sostible son:

- Sostibilidade: a busca permanente e harmónica por parte da empresa do desenvolvemento económico, a integridade medioambiental e o benestar social.
- Visión a longo prazo.
- Diversidade: a empresa sostible ha de respectar e favorecer a biodiversidade, pero tamén ha de respectar e buscar a diversidade de opinións, perspectivas, culturas, idades e sexos no seo da súa organización e nas relacións co seu contorno.
- Apertura no diálogo coas partes interesadas.
- Integridade: os membros dos máximos órganos de goberno das empresas han de comportarse con honestidade, rectitude, dignidade e ética.
- Responsabilidade.

## 5. Beneficios da Responsabilidade Social Corporativa para as empresas

Da implementación dun programa de RSC caben esperar dous tipos de efectos con clara incidencia económica:

- ✓ Por unha banda, aqueles que se poden denominar efectos directos, porque inciden de maneira inmediata sobre o ambiente de traballo, xerando entre os empregados maior motivación e, como consecuencia, melloras na produtividade.
- ✓ Por outro lado, os indirectos, mediante os cales a empresa consegue a atención de consumidores e investidores ante a reputación que xeran os compromisos públicos adquiridos.

Se se pedise a calquera investidor unha explicación do que entende por empresa sostible, ou por Responsabilidade Social Corporativa, probablemente non acertase a facelo. Pero se se lle pregunta se poñería os seus aforros nunha empresa que ten nenos traballando nas súas fabricas, ou que contamina as augas dos ríos, probablemente contestaría que non. Cada vez máis investidores dan maior importancia ás cuestións sociais e medioambientais.

Así pois, a medida que a empresa foi incorporando a RSC á súa cultura, estratexia e obxectivos, foi crecendo o interese da sociedade polos fondos de investimento socialmente responsables. Trátase de fondos ós que, á parte de esixírselles rendibilidade co mínimo risco posible, se lles reclama que cumpran unha serie de requisitos na súa actuación social e medioambiental.


Coincidindo ademais coas esixencias de transparencia contable, como consecuencia dos coñecidos escándalos de grandes corporacións, é inevitable que o número de investidores que se orientan segundo criterios de sostibilidade sexa cada vez maior.

Diversos estudos mostran con clara evidencia que a rendibilidade dos fondos de investimento que incorporan na súa xestión criterios de valoración de RSC é superior á do resto de fondos<sup>26</sup>. Véxase como exemplo o gráfico adxunto no que se compara a evolución nos últimos anos do Domini 400 Social Index (DSI 400) fronte ó S&P 500.

---

<sup>26</sup>ABAD, Francisco 2001. La empresa que viene. Responsabilidad y acción social en la empresa del futuro p32. Fundación Empresa y Sociedad.

## Comparación de índices bolsistas desde 1990<sup>27</sup>



Á marxe de valoración do mercado, admítese ademais que as empresas seleccionadas seguindo criterios de RSC destacan pola fortaleza dos seus sistemas de goberno e control, pola súa capacidade para xestionar crises e aproveitar oportunidades, pola retención do seu capital intelectual, polo seu respecto ó medio ambiente ou pola súa transparencia e relación coas partes interesadas; en resumo, polas súas boas prácticas de xestión empresarial.

Nos últimos anos, institucións especializadas na valoración e auditoría desenvolveron metodoloxías para avaliar o comportamento das empresas en canto a sostibilidade e responsabilidade social, destacando entre elas EIRIS (Ethical Investment Research Service)<sup>28</sup> e KLD Research & Analytics<sup>29</sup>; e no ano 2000 lánzase o SiRi Group (Sustainable Investment Research Internacional)<sup>30</sup>, que ten como representante en España a Fundación Ecología y Desarrollo, e que integra a 11 grupos de analistas especializados nestas materias co obxectivo de compartir experiencias e sistemas de análise e informar con criterios homoxéneos sobre as empresas de todo o mundo. Como resultado de todo este esforzo, créanse índices de bolsa especializados, destacando polas súas amplas coberturas e difusión o xa mencionado anteriormente Domini 400

<sup>27</sup> <http://www.kld.com/benchmarks/dsi.html>

<sup>28</sup> <http://www.eiris.org>

<sup>29</sup> <http://www.kld.com>

<sup>30</sup> <http://www.sirigroup.com/background.shtml>

Social Index (DSI400), o Dow Jones Sustainability Index (DJSI)<sup>31</sup> e o FTSE4Good Index<sup>32</sup>.

- ✓ O KLD Domini 400 Social Index lanzouse en maio de 1990 para medir o impacto das actividades sociais da empresa nos seus resultados financeiros.
- ✓ O DJSI World comeza a operar en 1999 e elabora información que é subministrada a uns 40 xestores de fondos de investimento licenciarios de Dow Jones, que o utilizan para configurar as súas carteiras de investimento con empresas responsables desde o punto de vista da sostibilidade.

O DJSI STOXX, publicado por primeira vez no ano 2001, agrupa exclusivamente a compañías europeas e utiliza a mesma metodoloxía có anterior.

- ✓ O FTS4Good Index, introducido en 2001, é un índice deseñado para medir a Responsabilidade Social Corporativa a escala mundial. Especificamente céntrase en recoñecer a aquelas compañías que mostran evidencias no compromiso e a práctica de altos estándares éticos e morais como:
  - O respecto dos dereitos humanos
  - O traballo cara á sostibilidade do medio ambiente
  - O desenvolvemento de relacións cos *stakeholders* relevantes

Os integrantes de cada índice son sometidos a procesos de avaliación continua para verificar que cumpren en todo momento os criterios de selección e permanencia, e o conxunto de empresas que integra cada índice revísase anualmente. Trátase, en definitiva, de asegurar que as empresas son capaces de xerar valor a longo prazo, non só para os accionistas, senón para tódolos *stakeholders*.

As sociedades de valoración conseguen a información a partir de cuestionarios específicos para o sector no que opera a empresa, mediante contactos directos co seu persoal e a través de documentación emitida pola propia compañía.

Como é de esperar, valóranse distintos aspectos relacionados coas tres dimensións ou factores dos que se vén falando. Así, por exemplo, téñense en consideración aspectos relacionados co Goberno Corporativo, a xestión das relacións cos *stakeholders*, os sistemas de xestión medioambiental, Códigos de Conduta, información pública presentada, etc.

---

<sup>31</sup> <http://www.sustainability-indexes.com>

<sup>32</sup> <http://www.socialfunds.com/news/article.cgi/article626.html>

Como dato ilustrativo da importancia que están adquirindo para os investidores este tipo de índices, pódese sinalar que en EEUU, desde o ano 1997 ó ano 2000, os investimentos con criterios responsables incrementáronse nun 82%, representando 1 de cada 8 dólares xestionados<sup>33</sup>, e unha tendencia similar obsérvase nos fondos de investimento europeos. Por outra parte, no Reino Unido e Alemaña impúxose como medida lexislativa a obriga de transparencia informativa por parte dos xestores de fondos de pensións en canto á responsabilidade social das empresas participadas.

## **6. Proceso de comunicación pública: o reporting**

A xestión sostible da empresa implica non só introducir prácticas éticas e socialmente responsables, senón tamén involucrar ós partícipes na cadea de valor, ser transparentes e informar á sociedade sobre os resultados obtidos. Esta é a única forma de que a sociedade coñeza e valore os esforzos e avances das empresas nesta dirección.

Respecto á documentación que deben presentar as empresas como parte do seu compromiso, e que á súa vez é utilizada para avaliar a súa inclusión nos índices económicos anteriormente citados, articuláronse diversas metodoloxías con indicadores clave capaces de expresar de forma adecuada os avances das empresas cara á sostibilidade.

As metodoloxías con maior recoñecemento internacional, utilizadas por moitas das empresas máis valoradas en termos de sostibilidade, son as guías GRI da Global Reporting Initiative -emitidas en 2000 e revisadas en 2002- e a norma AA 1000 do Institute of Social and Ethical Accountability -emitida en 1999 e revisada en 2003.

### **6.1. A Global Reporting Initiative<sup>34</sup>**

É o intento máis sólido e coherente dos emprendidos ata o momento para dar resposta operativa á vontade de articular, de maneira ordenada, os avances das empresas nos tres campos do desenvolvemento sostible.

Esta organización nace en 1997 como parte de Coalition for Environmentally Responsible Economies (CERES), da cal se independiza no ano 2002. Trátase dun colaborador oficial do Environment Programme das Nacións Unidas e traballa en cooperación co Global Compact.

---

<sup>33</sup> Newsweek, 2000. en ABAD 2002 . *La empresa que viene. Responsabilidad y acción social en la empresa del futuro* p33. Fundación Entorno y Sociedad

<sup>34</sup> <http://www.globalreporting.org>

É unha iniciativa internacional con clara visión de futuro, promovida por un conxunto moi variado de *stakeholders*, que ten por misión desenvolver e difundir a nivel global as guías necesarias para aquelas organizacións que, de maneira voluntaria, queiran emitir informes sobre a sostibilidade das súas actividades, produtos e servizos.

A dimensión económica fai referencia a aspectos que non son considerados pola contabilidade e información financeira tradicional, tales como salarios e beneficios, produtividade do traballo, creación de emprego, investimentos en Investigación, Desenvolvemento e Innovación, investimentos en capital humano, impostos ou contribución total ás arcas das administracións públicas, facendo especial fincapé na distribución xeográfica dos mesmos.

A dimensión social inclúe aspectos como a seguridade, saúde laboral e hixiene no traballo, a estabilidade no emprego, os dereitos dos traballadores, políticas de non discriminación en función do xénero, raza, idade, formación do persoal, nivel de satisfacción no traballo dos empregados, contribución ó desenvolvemento e cohesión social, os salarios e condicións de traballo nas empresas subcontratadas, etc.

A dimensión medioambiental inclúe a utilización de recursos materiais e enerxéticos, as emisións á atmosfera, os efluentes contaminantes, os residuos sólidos, os impactos medioambientais, o reciclado e reutilización de auga, a biodiversidade, etc.

Para o cumprimento da súa misión, a GRI establece e difunde unhas Directrices para a Elaboración de Memorias de Sostibilidade<sup>35</sup>. A articulación ordenada e coherente da información relativa ás tres esferas da sostibilidade busca proporcionar unha imaxe o máis fiel posible do impacto social e medioambiental da actividade da empresa, de maneira que os diferentes interlocutores poidan adoptar decisións debidamente informadas sobre a mesma, e cumpre tres importantes obxectivos:

- Avalía o grao de consistencia entre a aplicación da política e os resultados efectivos da xestión -como vehículo interno ó servizo da alta dirección que é.
- Proporciona unha estrutura lóxica á aplicación do concepto de sostibilidade ás operacións, produtos e servizos.
- Representa un soporte de comunicación externa, ferramenta de diálogo e transparencia cos *stakeholders*.

Segundo estas Directrices, a información recollida a través dun panel de indicadores debe ser relevante, fidedigna, clara, comparable, verificable e emitida no tempo adecuado.

---

<sup>35</sup> <http://www.globalreporting.org/guidelines/SpanishTranslation.pdf>

As Directrices definidas pola Global Reporting Initiative constitúen un bo exemplo de orientacións, a partir das cales se pode desenvolver un amplo consenso para a elaboración de informes.

En definitiva, as memorias de sostibilidade realizadas de acordo co esquema da Global Reporting Initiative (GRI) constitúen unha ferramenta de comunicación rigorosa, que mostra a maneira en que a empresa integra a dimensión económica, social e medioambiental na súa xestión. Por iso, a memoria debe incluír seccións sobre a súa Visión e Estratexia, o Perfil da Organización, incluíndo unha relación dos seus principais *stakeholders* e a descrición da súa estrutura de goberno, as súas políticas e sistemas de xestión e os seus indicadores de actuación.

Un dos aspectos clave do proceso de elaboración das directrices é a definición de indicadores sobre os cales deben informar as empresas nas súas Memorias de Sostibilidade, de acordo cos principios de consistencia, precisión, neutralidade e transparencia. En relación a isto, distingue dous tipos de indicadores: os críticos, aqueles sobre os que as compañías deben obrigatoriamente informar; e os optativos, que poden incluírse ou non.

É evidente que cada empresa ou organización debe identificar os indicadores específicos que mellor reflectan o seu avance cara á sostibilidade. O importante é poñer os indicadores en marcha e implementar un programa de mellora ó longo do tempo a partir da propia experiencia da organización.

## **6.2. A norma AA 1000<sup>36</sup>**

É unha norma de contabilidade Social e Ética, Auditoría e Informes emitida polo Institute of Social and Ethical Accountability (organización internacional sen ánimo de lucro na que participan numerosas empresas, ONGs, Academias e consultoras), que goza de recoñecemento internacional<sup>37</sup>.

A súa misión é mellorar e incrementar a difusión da contabilidade social e ética, así coma facilitar a realización de auditorías e informes. Ademais, subministra un conxunto de criterios a través dos cales os auditores poden alcanzar unha valoración estandarizada dos mesmos.

Fundamentalmente, complementa a GRI, subministrando unha base para a verificación ou aseguramento dos informes de sostibilidade por terceiras partes independentes.

A AA 1000 describe un conxunto de procesos que unha organización pode seguir para contabilizar, administrar e comunicar o seu desenvolvemento social e ético, sen precisamente especificar cál debера ser ese desenvolvemento. Deste xeito, a organización que adopta a AA 1000 debe seguir un proceso

---

<sup>36</sup> <http://www.accountability.org.uk/>

<sup>37</sup> <http://www.accountability.org.uk/uploadstore/cms/docs/Assurance%20Standard%20for%20Web.pdf>

continuo de ciclos de actividades no que as etapas principais son a definición ou redefinición de valores, o establecemento de obxectivos éticos e sociais así como a avaliación e comunicación dos resultados acadados en relación ós obxectivos establecidos.

A súa principal meta é mellorar a responsabilidade social nas organizacións a través do compromiso e diálogo coas partes interesadas. Este proceso debe realizarse dun xeito sistemático coa finalidade de aumentar a confianza dos *stakeholders* na empresa. Vincula as cuestións sociais e éticas á xestión estratéxica e ás operacións, e reconece tres fases na súa implantación (ver esquema):

1. Planificación: Establécense os procedementos sobre o compromiso e a boa xestión que han de permitir a Contabilidade e Auditoría Social, identifícanse os *stakeholders* e procédese á definición ou revisión dos valores da organización.

2. Contabilización: Identifícanse os temas críticos sobre os que se vai informar, fíxase o alcance do proceso, establécense os indicadores e medidas de referencia a utilizar, lévase a cabo a recollida de información e analízase a mesma. A partir das informacións recollidas, avalíase o desempeño fronte ós valores, obxectivos e metas previamente establecidos e esta avaliación úsase para desenvolver ou revisar os obxectivos e metas para o futuro focalizándose na mellora continua.

3. Informe Social e Auditoría: Prepárase a redacción do informe, os auditores elaboran a súa análise, publícanse os respectivos informes e organízase o sistema a través do cal se vai obter o feedback apropiado dos interlocutores.

### Modelo AA 1000



# A RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA NA INDUSTRIA FARMACÉUTICA

## 1. Metodoloxía

Tras analizar no capítulo anterior o impacto da sostibilidade no ámbito da empresa e cáles son as distintas iniciativas xurdidas en torno a este concepto, exponse a continuación a situación particular en que se encontra a industria farmacéutica.

Para abordar esta exposición, realizouse unha revisión e análise do sector farmacéutico respecto ós seguintes aspectos:

- A súa presenza e involucración nas distintas iniciativas descritas previamente
- A súa participación nos índices bolsistas de sostibilidade
- O seu compromiso cos estándares de información mundialmente aceptados.

Como fonte fundamental de información utilizouse Internet, por ser na actualidade o vehículo de comunicación máis accesible a calquera *stakeholder* e por constituír precisamente esta ferramenta a plataforma utilizada por diversos colectivos para evidenciar a falta de responsabilidade social das empresas. Nalgúns casos, cando esta fonte non estaba dispoñible ou non resultaba suficientemente explícita, recorreuse á solicitude directa de información pública ás respectivas empresas.

Non obstante, neste punto considérase conveniente realizar algunhas reflexións previas en relación á singularidade deste sector respecto á sostibilidade.

Non se pode perder de vista que, na industria farmacéutica, o concepto de sostibilidade constitúe, por varios motivos, parte da súa razón de ser desde hai moito tempo. Isto é así porque:

- A propia actividade desta industria é un beneficio directo á sociedade, xa que o seu obxectivo fundamental é mellorar a calidade de vida das persoas.
- A sociedade esíxelle constantemente calidade nos seus produtos (non hai marxe para o erro) e respecto co medio ambiente (non hai volta atrás).
- Os retos ós que se enfronta e as expectativas da sociedade e os accionistas son cada vez maiores.

- A investigación e a innovación son indispensables para garantir o futuro da empresa.

Adicionalmente, pola propia natureza deste sector industrial e os seus produtos, e pola importante repercusión dos mesmos na vida das persoas, as empresas farmacéuticas foron pioneiras na implantación tanto de sistemas de calidade coma de protección do medio ambiente.

Así mesmo, pola relación directa da súa actividade coa sociedade e a súa calidade de vida, cabería esperar que foran empresas preocupadas pola ética e a responsabilidade social nas súas actuacións.

Polo anteriormente exposto, se parece claro que tódalas empresas deben traballar no camiño cara á sostibilidade, as farmacéuticas están obrigadas a consolidar esta situación para poder sobrevivir.

**“Para a maioría das empresas, a xestión sostible é un reto e unha oportunidade de incalculables beneficios, para a industria farmacéutica é a súa razón de ser”.**

## **2. Presencia e involucración da industria farmacéutica nas distintas iniciativas**

Recóllese a continuación unha análise da presenza de compañías do sector farmacéutico nas seguintes iniciativas:

- Pacto Mundial de Nacións Unidas (The Global Compact)<sup>38</sup>

Están adheridas (a setembro 2003) ó Pacto Mundial de Nacións Unidas: Novo Nordisk, Novozymes, Aventis, Bayer, Novartis, Pfizer, Esteve e Serono.

- World Business Council for Sustainable Development (WBCSD)

Son membros desta organización: Novartis, Aventis e DuPont.

- Código de Goberno para a empresa sostible

Son membros do Consello Rector para a redacción deste Código representantes de Farmaindustria, Novartis, DuPont e Esteve.

---

<sup>38</sup> <http://www.unglobalcompact.org/Portal/>

Están adheridas a FORETICA<sup>39</sup> (Foro para la Evaluación de la Gestión Ética), outra iniciativa de carácter local relacionada coa sostibilidade, as seguintes empresas: Merck, Sharp & Dohme e Novartis.

En relación ás directrices da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) para empresas multinacionais e ó Libro Verde da Comisión das Comunidades Europeas "Fomentar un marco europeo para a Responsabilidade Social das Empresas", non foron incluídas na relación anterior por non constituír, como xa se mencionou, iniciativas ás que as empresas se poidan adherir de maneira formal.

### **3. Participación nos índices bolsistas de sostibilidade**

Tal como se sinalou anteriormente, institucións especializadas na valoración e auditoría desenvolveron nos últimos anos metodoloxías para avaliar o comportamento das empresas en canto a sostibilidade e responsabilidade social, e creáronse índices de bolsa especializados.

Neste apartado analízase a presenza da industria farmacéutica nos seguintes índices:

- Dow Jones Sustainability Index (DJSI) World:

A 31 agosto de 2003, están incluídos neste índice 317 empresas, das cales 25 corresponden ó sector farmacéutico. Entre outras: AstraZeneca, Aventis, Baxter, GlaxoSmithKline (GSK), Johnson&Johnson, Novartis, Novo Nordisk, Novozymes, Pfizer, Schering-Plough, Serono e Smith&Nephew. O farmacéutico é uno dos sectores con maior representación polo número de compañías presentes, sendo superado unicamente polos sectores de Consumo, Finanzas, Industrial e Tecnolóxico.

- Dow Jones Sustainability Index (DJSI) STOXX:

Dos 17 sectores incluídos neste índice, o sector farmacéutico está amplamente representado en relación ó número de compañías e, como é lóxico, figuran nel tódolos laboratorios europeos incluídos no índice anterior.

- FTSE4Good Index:

O farmacéutico e químico é un dos 93 sectores que figuran neste índice, sendo o de maior representación en relación ó número de compañías, só superado polo sector financeiro. Entre as compañías farmacéuticas

---

<sup>39</sup> <http://www.foretica.es/>

pódense citar: Allergan, AstraZeneca, Aventis, Eisai, GlaxoSmithKline, Johnson & Johnson, Merck, Pfizer, Sanofi-Synthelabo, Shering-Plough, etc.

#### **4. Compromiso cos estándares de reporting mundialmente aceptados**

Para abordar este tema, comezouse en primeiro lugar pola busca das compañías farmacéuticas que seguían algunha das normas estandarizadas comentadas anteriormente; esto é, GRI e AA 1000.

A través de Internet, púidose comprobar que no mes de agosto de 2003 estaban adheridos ó GRI<sup>40</sup> as seguintes compañías do sector:

AstraZeneca, Aventis, Baxter, Bayer, Boots Group, Bristol-Myers Squibb, Eisai, Genencor, Johnson&Johnson, Novartis, Novo Nordisk, Novozymes, Recip, Roche, Shiseido, Smith&Nephew e Wyeth.

No mes de setembro de 2003 incorpórase Allergan e no mes de outubro fano Abbott e Celltech.

Tamén a través da páxina Web do GRI se tivo acceso ós informes de Responsabilidade Social Corporativa das mesmas, a excepción do correspondente a Bayer; neste caso, ó non estar dispoñible, foi necesario buscar esta información directamente a través da páxina Web do laboratorio.

Nunha primeira lectura, destaca a gran variedade existente na estruturación e contido dos informes, en parte xustificable pola recente publicación da última versión das guías GRI (2002) e porque a información dispoñible corresponde precisamente ó devandito exercicio.

Outro aspecto a sinalar respecto ós informes é que nalgúns deles se recolle a súa verificación final por terceiros: Aventis (informe verificado por PricewaterhouseCoopers e Gerling Risiko Consulting), Baxter (verificado por ERM Certification and Verification Services só para os datos de medio ambiente, saúde e seguridade), Eisai (verificado por Deloitte Touche Tohmatsu), Novo Nordisk (verificado por Deloitte & Touche) e Roche (informe verificado por PricewaterhouseCoopers).

Por outra parte, Novo Nordisk reconece que, a pesar de que teñen implantada a norma AA 1000 para a xestión e contabilización, os seus informes siguen a normativa GRI.

Ó cotexar o listado de compañías englobadas no GRI coas 20 máis importantes do sector a nivel mundial por volume de vendas (que representan unha porcentaxe superior ó 60% do total), identificáronse importantes ausencias e,

---

<sup>40</sup> <http://www.globalreporting.org/guidelines/companies.asp>

nun intento de ampliar o espectro de laboratorios analizados, recorreuse á busca de información a través das páxinas Web dos mesmos. Tamén se conseguiu información adicional por esta mesma vía dos laboratorios adheridos ó GRI.

**Ranking mundial por vendas a farmacias e hospitais 2001<sup>41</sup>**

| <i>Compañía</i>         | <i>Compañía</i>          |
|-------------------------|--------------------------|
| 1. PFIZER               | 11. AMERICAN HOME        |
| 2. GSK                  | 12. LILLY                |
| 3. MERCK (MSD)          | 13. ROCHE                |
| 4. ASTRAZENECA          | 14. SCHERING-PLOUGH      |
| 5. JOHNSON & JOHNSON    | 15. TAKEDA               |
| 6. BRISTOL-MYERS SQUIBB | 16. BAYER                |
| 7. NOVARTIS             | 17. BOEHRINGER INGELHEIM |
| 8. AVENTIS              | 18. SANOFI SYNTHELABO    |
| 9. PHARMACIA            | 19. AMGEN                |
| 10. ABBOTT              | 20. EISAI                |

O resultado final aínda incrementou máis a variabilidade dos datos, de forma que foi necesario manexar diferentes tipos de informes tanto no tocante á estrutura coma ó contido; aspecto este que complicou aínda máis a análise de ditos informes. Ademais, encontráronse casos rechamantes, como GSK, que sen figurar entre as compañías adheridas a GRI, dispoñía dun informe que aseguraba seguir as mencionadas guías. Tamén cabe sinalar o feito de que, ó consultar algúns dos primeiros 20 laboratorios, as súas páxinas Web remitíannos a outros, como consecuencia da política de alianzas e fusións que tiveron lugar nos últimos tempos, razón pola cal a partir de agora só se citarán os informes das casas matrices resultantes.

Se nos metemos no contido dos mesmos e, independentemente do sistema de reporting utilizado, en todos eles, como pauta xeral, recóllese unha declaración por parte dalgún representante da alta dirección (CEO ou Board representative), seguida da análise detallada correspondente ás tres áreas.

Tódalas declaracións coinciden no compromiso e na determinación de avanzar cara á sostibilidade, e algunhas delas son moi contundentes ó respecto.

*Debemos confiar en que hai un futuro mellor para todos e debemos actuar para facelo posible. Na nosa visión da sostibilidade, o compromiso corporativo está aliñado cos valores persoais, e tamén cremos que é posible equilibrar os requirimentos do negocio cos dos nosos stakeholders (Lars Rebien Sorensen, Presidente e CEO de Novo Nordisk<sup>42</sup>).*

<sup>41</sup> Datos IMS MIDAS 2001.

<sup>42</sup> <http://www.novonordisk.com/images/Sustainability/sr02/SR2002UK.pdf>

*A nosa responsabilidade social require compromiso. A responsabilidade que nós temos como compañía para xestionar os nosos negocios dunha maneira sostible require que áreas tales como o medio ambiente e a responsabilidade social sexan unha parte natural e integral do noso negocio (Oteen Riisgaard, Presidente e CEO de Novozymes<sup>43</sup>).*

*Novartis está comprometida co desenvolvemento sostible e os seus tres principios de progreso económico, social e medioambiental. Queremos ser un cidadán corporativo con liderado, tanto tecnolóxico coma económico, e a consecución de dito obxectivo está moi relacionado coa nosa habilidade para contribuír ó beneficio das persoas (Daniel Vasella, Presidente e CEO de Novartis<sup>44</sup>).*

*A responsabilidade corporativa non é un extra engadido, é unha parte integrante de todo o que facemos, e estamos determinados a continuar sendo unha compañía que sexa percibida como un membro valioso da comunidade global (Tom McKillop, Presidente e CEO de AstraZeneca<sup>45</sup>).*

A continuación, preséntanse en detalle os exemplos máis destacables recollidos nos informes en cada unha das áreas da Responsabilidade Social Corporativa.

#### 4.1. Aspecto económico

Ó analizar os informes dos diferentes laboratorios, obsérvase que só atenden ó aspecto económico os que seguen a normativa GRI, e aínda dentro destes percíbese certa disparidade nos patróns de información utilizados. Mentres que algúns se conforman con incluír 2 ou 3 indicadores nun parágrafo introductorio, no extremo oposto aparecen outros informes que presentan todo tipo de información financeira: balance, conta de perdas e ganancias, fluxo de caixa, e ata informes de auditoría, como é o caso de Eisai<sup>46</sup>.

É común a incorporación dun pequeno balance e/ou conta de resultados abreviada, de forma que os interesados poidan extraer a información que consideren máis relevante acerca da compañía. Incluso, nalgún caso, se propón a opción dun acceso á paxina Web da empresa, na que se recolle de forma extensa e actualizada toda a súa información financeira pública.

Por outra parte, algunhas compañías inclúen tamén información sobre o importe dos investimentos realizados en temas medioambientais e sociais. De tódolos xeitos, a maioría optan por realizar un detalle máis coidadoso destes investimentos no apartado correspondente do informe.

Un dato coincidente en practicamente tódolos informes é o volume de vendas, con dous enfoques diferentes:

1. Atendendo exclusivamente a magnitudes e crecementos.
2. Incluindo ratios de diferentes variables en relación coas vendas; como por exemplo: toneladas de residuos ou quilogramos de CFC´s emitidos por volume de vendas.

<sup>43</sup> [http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes\\_report.pdf](http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes_report.pdf)

<sup>44</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/2002\\_cc\\_report.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/2002_cc_report.pdf)

<sup>45</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>46</sup> [http://www.eisai.co.jp/pdf/e\\_esreport/epdf2002es.pdf](http://www.eisai.co.jp/pdf/e_esreport/epdf2002es.pdf)

Sen embargo, débese sinalar que moita da información presentada polas empresas é fundamentalmente financeira, centrada principalmente na rendibilidade das organizacións cando, polo contrario, os indicadores económicos, tal e como se entenden nas guías GRI, estudian o modo en que as organizacións afectan ás partes interesadas coas que interactúan de maneira directa ou indirecta.

Un indicador financeiro, por exemplo, sería o volume de compras, mentres que un indicador económico, desde o punto de vista da sostibilidade, iría encamiñado a informar ós *stakeholders* sobre cantas desas compras foron realizadas no seu propio país fronte ás cantidades importadas.

En resume, tanto os informes financeiros coma as memorias de sostibilidade cumpren funcións paralelas e esenciais que dan lugar a un enriquecemento mutuo; aconséllase a coordinación de ámbolos procesos de elaboración e confíase en que, co tempo, a medición da actuación financeira se irá beneficiando cada vez máis da medición da actuación económica.

O GRI é consciente de que algunhas organizacións informantes poden non ser capaces de aplicar as súas directrices na súa totalidade a curto prazo, de xeito que os principios están concibidos con visión de futuro. Con eles preténdense crear uns alicerces duradeiros sobre os que a medición da actuación se poida seguir desenvolvendo a partir dos novos coñecementos e da aprendizaxe.

Dentro da información económica é destacable o feito de que tódolos laboratorios analizados coinciden en dar información relativa ós investimentos en I+D. Non é de estrañar, pois a maior parte deles recolle na Misión das súas compañías dotar á sociedade con fármacos innovadores, destinados a mellorar a calidade de vida e comprométese no camiño da innovación dentro do exercicio da súa Responsabilidade Social Corporativa. Dificilmente se poden xustificar empresas comprometidas con estes principios que non dediquen unha parte importante dos seus beneficios á investigación e ó desenvolvemento.

*A nosa misión é servir ós pacientes a través da investigación e desenvolvemento de produtos innovadores que curen enfermidades, mitiguen o sufrimento e melloren a calidade de vida das persoas. No seu nivel máis fundamental, o concepto de cidadanía corporativa require que concentremos os nosos esforzos en perpetuar esta misión (Daniel Vasella, Presidente e CEO de Novartis<sup>47</sup>).*

Adquire esta misión unha maior dimensión, desde o punto de vista da sostibilidade, cando se considera que se trata de investimentos de elevado risco, longo ciclo e caros<sup>48</sup>.

Elevado risco porque as cifras poñen de manifesto que de cada 5 a 10 mil moléculas candidatas que se descubren, só 250 pasan á fase Preclínica de Investigación, tan só 5 chegan á fase de Ensaio Clínico, e exclusivamente 1 consegue ser comercializada.

<sup>47</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/2002\\_cc\\_report.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/2002_cc_report.pdf)

<sup>48</sup> 2001-2002 *The year in review*. EFPIA (European Federation of Pharmaceutical Industries and Associations). November 2002

Longo ciclo porque se estima que o tempo necesario para conseguir a comercialización dunha molécula, desde o seu descubrimento, se sitúa entre 12 e 15 anos.

Caro porque o custo estimado de I+D por molécula é de aproximadamente 900 millóns de dólares, co agravante de que no 70% das novas moléculas que alcanzan o mercado non se chega a recuperar este investimento.

A pesar de todo isto, aparentemente, tal como se recolle nos informes dos laboratorios estudados, estes continúan investindo cada ano grandes cantidades de diñeiro nesta actividade.

Na táboa adxunta recóllense os 15 primeiros laboratorios en investimento, con relación ás súas vendas, segundo información subministrada polo Financial Times (20 de outubro de 2003).

#### **Compañías farmacéuticas líderes en I + D**

| <b>COMPAÑÍA</b>              | <b>% SOBRE VENTAS</b> |
|------------------------------|-----------------------|
| <b>Eli Lilly</b>             | 19,4                  |
| <b>AstraZeneca</b>           | 17,2                  |
| <b>Boehringer Ingelheim</b>  | 17,2                  |
| <b>Pharmacia</b>             | 16,9                  |
| <b>Aventis</b>               | 16,6                  |
| <b>Sanofi-Synthelabo</b>     | 16,4                  |
| <b>Pfizer</b>                | 16,0                  |
| <b>Roche</b>                 | 14,3                  |
| <b>Wyeth</b>                 | 14,3                  |
| <b>Schering-Plough</b>       | 14,0                  |
| <b>GlaxoSmithKline</b>       | 13,8                  |
| <b>Novartis</b>              | 13,4                  |
| <b>Bristol-Myers Squibb</b>  | 12,2                  |
| <b>Johnson &amp; Johnson</b> | 10,9                  |
| <b>Merck</b>                 | 5,2                   |

Así mesmo, segundo fontes de Farmaindustria<sup>49</sup>, en España, no ano 2002, a industria farmacéutica liderou o investimento en I+D (18% do total de investimento dos sectores máis implicados), superando a sectores coma o do automóbil (16%), o aeroespacial (8%) ou o das telecomunicacións (7%).

O compromiso social nesta materia alcanza as máis altas cotas cando, ademais, a investigación se realiza en áreas terapéuticas ou enfermidades propias de países do terceiro mundo, onde dificilmente se pode alcanzar o retorno do investimento, ou en medicamentos orfos pola súa baixa taxa de utilización. Describiranse máis amplamente estes dous temas no apartado social.

<sup>49</sup> Memoria anual 2002. FARMAINDUSTRIA

## 4.2. Aspecto social

Dentro deste capítulo agrúpanse a información baixo os seguintes epígrafes:

- Relacións cos empregados
- Seguridade no traballo
- Saúde laboral
- Benestar persoal
- Relacións coa comunidade
- Relacións con provedores e contratistas
- Acceso a medicinas

### Relacións cos empregados

Un dos temas de coincidencia en tódolos reporting analizados é o das relacións das compañías cos seus empregados.

Existe un compromiso claro con estes no referente á necesidade de procesos de comunicación en tódalas direccións, de forma aberta e periódica.

*AstraZeneca<sup>50</sup> fai gala dun estilo de xestión aberto e de manter informados ós seus empregados de tódalas decisións empresariais de importancia. Poténciase o "feedback" en tódolos programas de comunicación.*

*Aventis<sup>51</sup> declara a importancia da comunicación e a súa intención de promover un diálogo constructivo baseado na confianza cos representantes dos traballadores, especialmente cando se tratan temas que afectan ó futuro da compañía.*

*Novartis<sup>52</sup> di fundamentar a súa política de Recursos Humanos na xustiza, franqueza e respecto mutuo. Establece que os seus empregados son os stakeholders máis importantes, a súa voz conta, solicítanse as súas opinións e ideas para integralas activamente no proceso de negocio.*

Sen embargo, tamén se recoñecen as dificultades á hora de difundir esta política á totalidade da organización, xa que poden darse interrupcións na cadea de comunicación que entorpezan ou incluso impidan este proceso. Para evitar estas situacións e os posibles temores ou reticencias por parte dos empregados, habilítanse canais de comunicación confidenciais que obvien a necesidade de que o empregado teña que facer partícipe ó superior inmediato das súas opinións.

*GSK<sup>53</sup> dispón de sistemas (Confidential Integrity Help Lines) para que os empregados comuniquen aquelas cuestións que non se atreven a dicir ós seus xefes (están pensados para transmitir inquietudes respecto a comportamentos pouco éticos e prácticas inaceptables).*

<sup>50</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>51</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

<sup>52</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/2002\\_cc\\_report.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/2002_cc_report.pdf)

Outro aspecto que se sinala nos informes consultados é a importancia que debe darse nas diferentes etapas da vida profesional a cuestións como: a selección e o recrutamento, a recompensa, a formación, os plans de desenvolvemento, etc. Evidénciase o compromiso de intentar atraer, reter e motivar ós mellores profesionais.

Para iso é necesario realizar procesos de selección que, respectando a igualdade de oportunidades, consigan recrutar os mellores candidatos.

*Novo Nordisk<sup>54</sup> utiliza un sistema de perfís de competencias para recrutar o persoal correcto á primeira. En EEUU as ofertas de emprego publicanse en páxinas Web recomendadas pola Comisión para a Igualdade de oportunidades do goberno americano. O departamento de I+D está desenvolvendo un sistema de avaliación de candidatos estranxeiros para garantir que non se exclúe un profesional como consecuencia da dificultade de avaliar a súa formación adquirida nos seus países de orixe.*

*Novozymes<sup>55</sup> marcou como obxectivo a mellora na igualdade de oportunidades, e así en Dinamarca preparou un plan para garantir que se teña en conta este parámetro durante os procesos de recrutamento e retención de empregados.*

Tamén, nalgúns casos, se ten en consideración a promoción do persoal orixinario do territorio en que se leva a cabo o negocio, en lugar de reservar os postos de maior cualificación e salario a traballadores procedentes da casa matriz.

Os sistemas de recompensa ós traballadores e os plans de desenvolvemento tamén constitúen apartados de crecente atención dentro da área de Recursos Humanos.

Por unha parte, trátase de garantir un nivel de salario e outros beneficios (plans de pensións, opcións de compra sobre accións, comedores, clubs de empresa, servizos médicos, etc.) que fagan que estas compañías sexan consideradas como primeira elección polos traballadores á hora de decidirse por un posto laboral.

Por outro lado, algunhas compañías indican que dispoñen de sistemas de avaliación periódica que permiten valorar o rendemento do traballador e vinculalo a un sistema de retribución variable. Estas avaliacións realízanse nun ambiente de diálogo entre traballador e superior que debe servir, ademais, como unha oportunidade de discusión e para poñer de manifesto as necesidades de formación e desenvolvemento dos membros do equipo, tratando de satisfacer as lexítimas aspiracións de promoción.

*Aventis<sup>56</sup> dispón dun sistema que alíña os resultados individuais cos da compañía. Ademais intenta identificar os requirimentos en formación e desenvolvemento para establecer plans de sucesión recorrendo a candidatos externos unicamente no caso de que non se atopen dentro da compañía.*

*Novartis<sup>57</sup> ten unha política similar de retención e desenvolvemento de persoas.*

<sup>53</sup> [http://www.gsk.com/financial/reps02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/financial/reps02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

<sup>54</sup> <http://www.novonordisk.com/images/Sustainability/sr02/SR2002UK.pdf>

<sup>55</sup> [http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes\\_report.pdf](http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes_report.pdf)

<sup>56</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

<sup>57</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/2002\\_cc\\_report.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/2002_cc_report.pdf)

*Na estratexia de persoal de Novo Nordisk<sup>58</sup> faise fincapé no desexo de mellora continua, seguimento constante da realización, recoñecemento dos bos resultados, traballo en equipo, responsabilidade, atracción e retención dos mellores, e desenvolvemento de persoas.*

Todos estes aspectos sinalados anteriormente teñen como fin último a redución da rotación do persoal nas compañías, aspecto este que asumen como un reto.

*Novartis<sup>59</sup> indica que a mobilidade dos seus empregados a nivel mundial se encontra por debaixo da media da industria.*

*Genencor<sup>60</sup> ten cifras do 6% de rotación voluntaria entre 1999 e 2001, notablemente máis baixas cás correspondentes á media da industria biotecnolóxica (19% en EEUU e 27% na área da baía de San Francisco).*

*Novo Nordisk<sup>61</sup> estableceu plans para reducir a taxa de rotación dos seus empregados e identificar as razóns polas que abandonan a compañía; como resultados destes plans, indica que reduciu a taxa de rotación desde o 10,6% en 2000 ó 6,4% en 2002.*

Nun intento por afondar máis no concepto de igualdade recollido na Declaración de Dereitos Humanos, introdúcese en moitos casos o recoñecemento da diversidade e a potenciación do respecto á mesma, non só no que se refire a sexo, raza ou relixión, senón no máis amplo dos sentidos (cultural, social, etc.).

*Novozymes<sup>62</sup> colabora coas autoridades danesas na integración das minorías étnicas no mercado laboral. Así mesmo, no Brasil están facendo esforzos para incorporar a máis mulleres nos seus equipos. En 2003 está prevista unha enquisa para analizar a composición étnica do persoal en Dinamarca.*

*Lilly<sup>63</sup> foi galardoada co premio máis prestixioso do Ministerio de Traballo de EEUU ("Opportunity 2000 Award") polo seu compromiso coa promoción de emprego para mulleres e minorías étnicas en igualdade de oportunidades e por fomentar a diversidade nos seus centros de traballo.*

*Sanofi-Synthelabo<sup>64</sup>, en tódolos países en que está presente, desenvolveu programas de integración coa finalidade de preservar as identidades e culturas propias dos territorios nos que opera. Así, poténciase a utilización do idioma propio de cada territorio.*

Neste mesmo sentido, AstraZeneca forma parte de Fundación Galicia Empresa, entidade dedicada á potenciación do uso do galego no ámbito laboral.

A implantación efectiva de todas estas políticas require ademais coñecer cómo é percibida polos empregados e se realmente se logran os resultados esperados. Para iso, algunhas compañías levan a cabo enquisas periódicas entre o seu persoal, solicitando opinión e grao de satisfacción sobre unha serie de cuestións como: beneficios, comunicación, calidade do traballo, diversidade, seguridade, benestar, liderado, etc.

*GSK<sup>65</sup> realizou unha enquisa en 2002 a 10.000 empregados para coñecer a implantación da súa cultura, co obxectivo de utilizar os resultados obtidos no establecemento dun plan de mellora.*

<sup>58</sup> <http://www.novonordisk.com/images/Sustainability/sr02/SR2002UK.pdf>

<sup>59</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/2002\\_cc\\_report.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/2002_cc_report.pdf)

<sup>60</sup> <http://www.genencor.com/sustainability/GenencorSustainability2001.pdf>

<sup>61</sup> <http://www.novonordisk.com/images/Sustainability/sr02/SR2002UK.pdf>

<sup>62</sup> [http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes\\_report.pdf](http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes_report.pdf)

<sup>63</sup> <http://www.lilly.com/about/excellence/honored/labor.htm>

<sup>64</sup> [http://en.sanofi-synthelabo.com/minisites/20030424\\_annualreport\\_pop/site/images/en/Rapport\\_developpement\\_durable.pdf](http://en.sanofi-synthelabo.com/minisites/20030424_annualreport_pop/site/images/en/Rapport_developpement_durable.pdf)

<sup>65</sup> [http://www.gsk.com/finacial/rep02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/finacial/rep02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

*AstraZeneca<sup>66</sup> dispón dun programa para conseguir ser o “Employer of choice”, e entre as medidas adoptadas realiza enquisas bianuais nas que se solicita a participación de tódolos empregados. Cos resultados obtidos, elabóranse plans de acción dirixidos a corrixir as deficiencias identificadas.*

## Seguridade no traballo

Como non podía ser doutra maneira, a seguridade relacionada coas súas actividades laborais é outra prioridade. Como indicador deste parámetro, nos informes recórrese fundamentalmente á evolución dos resultados de sinistralidade laboral.

*Johnson & Johnson<sup>67</sup> constata que reduciu o índice de frecuencia de accidentes con baixa nun 14% entre 1991 e 2002, mentres a cantidade de días perdidos por esta causa no mesmo período diminuíu nun 71%.*

*Roche<sup>68</sup> informa que entre 2001 e 2002 rexistrou unha redución do 13,7% no índice de frecuencia de accidentes con baixa, á vez que os días perdidos como consecuencia dos mesmos diminuíron nun 16,4%.*

*Bristol-Myers Squibb<sup>69</sup> afirma que reduciu o índice de frecuencia nun 25%, diminuíndo tamén os días perdidos nun 6% desde o 2000 ó 2002.*

*GSK<sup>70</sup> reduciu o índice de frecuencia entre 2002 e 2001 nun 21%, mentres que o índice de accidentes sen baixa diminuíu nun 11%. Ademais, achega información sobre a distribución dos mesmos segundo categorías.*

É difícil pensar que detrás dos resultados enunciados non existan unhas políticas claras, sistemas de xestión eficientes e a utilización de ferramentas adecuadas que se baseen na prevención, incluíndo a análise de riscos, o establecemento de procedementos e auditorías, e a formación dos empregados.

*Aventis<sup>71</sup> informa que conseguiu reducir o número de lesións ergonómicas na súa fábrica de Kansas City, Missouri (EEUU), mediante a implantación dun programa de melloras. Con esta actuación lograron que as lesións ergonómicas, que supoñían o 37% do total de lesións en 1999, diminuísen ata o 13% en 2002.*

*Bristol-Myers Squibb<sup>72</sup> afirma que o impacto potencial das súas actividades na seguridade e a saúde foi avaliado na totalidade das súas plantas.*

Ademais, a maioría dos informes reconece especificamente o risco que xera a conducción de vehículos por motivos de traballo, e reportan a implantación de diversos programas para diminuír a sinistralidade nesta materia.

*AstraZeneca<sup>73</sup> fai referencia á introducción en Filipinas dun programa de concienciación e formación dos condutores habituais que lle permitiu reducir un 75% o número de accidentes de circulación neste colectivo.*

*Johnson&Johnson<sup>74</sup> informa que desde 1.995, a pesar de que aumentau a súa flota de vehículos nun 101%, reduciu un 38% o número de accidentes de circulación.*

É indubidable que todo este esforzo en prevención é o que permite afrontar os compromisos adquiridos nos informes.

<sup>66</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>67</sup> [http://www.jnj.com/community/environment/publications/2002\\_environ.pdf](http://www.jnj.com/community/environment/publications/2002_environ.pdf)

<sup>68</sup> [http://www.roche.com/pages/downloads/company/pdf/sep/serep\\_02.pdf](http://www.roche.com/pages/downloads/company/pdf/sep/serep_02.pdf)

<sup>69</sup> [http://www.bristolmyers.com/sr/data/bms\\_sustainability.pdf](http://www.bristolmyers.com/sr/data/bms_sustainability.pdf)

<sup>70</sup> [http://www.gsk.com/financial/rep02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/financial/rep02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

<sup>71</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

<sup>72</sup> [http://www.bristolmyers.com/sr/data/bms\\_sustainability.pdf](http://www.bristolmyers.com/sr/data/bms_sustainability.pdf)

<sup>73</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>74</sup> [http://www.jnj.com/community/health\\_safety/performance/index.htm](http://www.jnj.com/community/health_safety/performance/index.htm)

*GSK<sup>75</sup> estableceu un obxectivo de diminución do índice de frecuencia de accidentes nun 15% anual ata o 2005.*

*AstraZeneca<sup>76</sup>, baixo o lema de "Cero accidentes", fixouse como obxectivo unha redución do índice de frecuencia de accidentes do 30% ata o 2005.*

## Saúde laboral

A Saúde Laboral, como non podía ser menos, tamén é un tema común en tódolos informes consultados, en sintonía cos compromisos destas compañías coa saúde da humanidade.

Nestes informes detállanse tanto a incidencia de enfermidades profesionais coma os obxectivos propostos neste ámbito.

*Boehringer-Ingelheim<sup>77</sup> informa que rexistrou 5 casos de enfermidades profesionais en 1998, 3 en 1999 e 3 en 2000.*

*AstraZeneca<sup>78</sup> propónse unha redución do 30% para o 2005 no índice de frecuencia de enfermidades profesionais comparado coa media 2001/2.*

*GSK<sup>79</sup> establece un obxectivo de diminución anual do 15% ata o 2005 no índice de frecuencia de enfermidades profesionais e accidentes.*

Como complemento desta información, recóllense tamén comentarios en relación a políticas de prevención, análise dos riscos de exposición nos postos de traballo, políticas de substitución do uso de equipos de protección individual por medidas técnicas que, actuando sobre os procesos ou sobre o seu contorno, eviten a exposición, etc.

*Aventis<sup>80</sup> informa de que desenvolveu unha ferramenta informática para a análise de riscos hixiénicos á que teñen acceso via intranet tódalas súas fábricas. Tamén instalou desfibriladores en tódalas súas plantas, medida esta que demostrou a súa eficacia ó permitir salvar a vida dun contratista que sufrira unha parada cardíaca na súa planta de Neuville (Francia).*

*Johnson & Johnson<sup>81</sup> cita no seu informe a implantación de controles de enxeñería nas súas instalacións que fan innecesario o uso de equipos de protección individual, incluso cando se traballa en presenza de principios activos moi potentes con niveis de exposición permitidos moi baixos.*

## Benestar persoal

A preocupación pola saúde e o benestar dos seus empregados, máis alá do puramente laboral, é outra das constantes que se aprecian nos informes das compañías analizadas.

A forma en que unha compañía trata ós seus empregados é un aspecto crucial á hora de avaliar a súa responsabilidade social. Este feito adquire, se cabe,

<sup>75</sup> [http://www.gsk.com/financial/rep02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/financial/rep02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

<sup>76</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>77</sup> <http://www.boehringer-ingelheim.com/corporate/home/EHSreport00.pdf>

<sup>78</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>79</sup> [http://www.gsk.com/financial/rep02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/financial/rep02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

<sup>80</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/84112860975958129781.pdf>

<sup>81</sup> [http://www.jnj.com/community/environment/publications/2002\\_environ.pdf](http://www.jnj.com/community/environment/publications/2002_environ.pdf)

máis importancia no caso de compañías que desenvolven e comercializan produtos relacionados coa saúde.

Nos informes podemos apreciar, por exemplo, a preocupación por facer compatible a maternidade coa actividade laboral

*AstraZeneca<sup>82</sup>, Aventis<sup>83</sup>, Lilly<sup>84</sup>, Schering-Plough<sup>85</sup> e Johnson&Johnson<sup>86</sup> foron incluídas pola revista norteamericana "Working Mother" entre as 100 mellores compañías para as nais traballadoras. No caso de AstraZeneca, valoráronse aspectos como a gardería que está previsto que empece a operar en Wilmington, Delaware (EEUU) en 2003 para 350 nenos.*

Nun mundo de gran competitividade, o balance entre a vida laboral e a vida persoal tamén é un aspecto contemplado amplamente nos informes.

*Aventis<sup>87</sup> recolle no seu informe unha serie de beneficios como a flexibilidade nas opcións de traballo, a duración das vacacións e os numerosos programas para axudar ós empregados a alcanzar un equilibrio entre a vida persoal e laboral.*

*Johnson & Johnson<sup>88</sup> tamén informa do seu programa de apoio ós empregados e ás súas familias, que goza dun recoñecemento xeneralizado e está dispoñible vía telefónica 24 horas/día 365 días/ano. Foi utilizado polo 44% dos traballadores en EEUU durante 2002 e proporciñalles axuda en diferentes aspectos (coidado dos seus maiores, adopcións, económicos...), co que se mellora o balance entre as súas vidas persoal e laboral.*

*Novo Nordisk<sup>89</sup> inclúe na súa política a busca activa do equilibrio entre a vida laboral e persoal, aínda que recoñece a dificultade para acadalo. Para iso estableceu prácticas de horarios flexibles e oportunidades para traballar desde a casa. Ademais desenvolveu ferramentas que axudan ós xefes a recoñecer signos de stress nos seus empregados e a crear un ambiente aberto no que se anima a conversar sobre estes asuntos.*

Chégase incluso a citar exemplos do apoio que estas empresas prestan ós seus empregados para axudarlles en problemas particulares.

*Baxter<sup>90</sup> identificou como un aspecto que dificulta o benestar das súas empregados (sobre todo no intervalo de idade entre 40 e 50 anos) a necesidade de coidar ós seus maiores. Por iso iniciou un servizo de apoio ó coidado de anciáns en 2002, baseado fundamentalmente en proporcionar análise e valoracións a domicilio sobre as opcións asistenciais.*

*Bristol-Myers Squibb<sup>91</sup> dispón de programas de axuda a traballadores con problemas emocionais ou de abuso de drogas.*

*Novozymes<sup>92</sup> informa da incorporación dun apartado específico sobre este tema dentro das 7 competencias que constitúen o sistema de xestión de persoal. Esta competencia específica resúmese en "coida a xente e ánimaos a medrar", para o cal debe darse prioridade ó bo humor, á saúde e á calidade de vida no traballo, ser sensible e flexible ás necesidades individuais, recoñecer a importancia dun bo equilibrio entre a vida laboral e persoal en cada etapa da vida, etc.*

<sup>82</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>83</sup> <http://www.lilly.com/about/excellence/honored/mothers.html>

<sup>84</sup> <http://www.schering-plough.com/cr.html>

<sup>85</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

<sup>86</sup> [http://www.jnj.com/community/environment/publications/2001\\_environ\\_part1.pdf](http://www.jnj.com/community/environment/publications/2001_environ_part1.pdf)

<sup>87</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/84112860975958129781.pdf>

<sup>88</sup> [http://www.jnj.com/community/environment/publications/2002\\_environ.pdf](http://www.jnj.com/community/environment/publications/2002_environ.pdf)

<sup>89</sup> <http://www.novonordisk.com/images/Sustainability/sr02/SR2002UK.pdf>

<sup>90</sup> [http://www.baxter.com/sustainability/2002/html/pdf/sustainability\\_report\\_2002.pdf](http://www.baxter.com/sustainability/2002/html/pdf/sustainability_report_2002.pdf)

<sup>91</sup> <http://www.bms.com/aboutbms/data/socres.pdf>

<sup>92</sup> [http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes\\_report.pdf](http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes_report.pdf)

## Relacións coa comunidade

Outro dos aspectos ó que a maioría dos reporting fan mención é o feito de que as empresas destinan recursos económicos e humanos para trasladar o seu apoio, coñecementos e experiencia ás comunidades nas que operan, á vez que se fomenta o desenvolvemento científico neses lugares.

Algúns patrocinan programas educativos coa finalidade de incrementar o interese dos estudantes por aspectos concretos do saber; outros financian bolsas de estudos, acordos con Universidades, creación de fundacións e institutos de investigación, doazóns de material educativo, etc.

*GSK<sup>93</sup> dispón no Reino Unido dun programa (1 millón de libras durante 4 anos) para estimular a educación científica nas escolas.*

*Amgen<sup>94</sup> contribúe ó financiamento de asociacións xuvenís e á construción de locais para estas cun importe de 3 millóns de dólares en EEUU.*

*Outras fundacións patrocinadas por compañías farmacéuticas destinadas á promoción da cultura, a ciencia ou a política son a Fundación Aventis<sup>95</sup> ou a Fundación Bristol-Myers Squibb<sup>96</sup>, que destina máis de 5 millóns de dólares para o ensino das ciencias nas escolas de EEUU.*

*Bayer<sup>97</sup> proporciona recursos a diferentes fundacións centradas en distintas actividades de apoio ós escolares (bolsas de viaxe e estada para estudantes que cursan estudos no estranxeiro, bolsas para apoio económico do curso académico, etc.).*

*Novo Nordisk<sup>98</sup> financia uns 75 estudantes de todo o mundo nos seus traballos de investigación (doutorandos e posgraduados).*

*Genencor<sup>99</sup>, en Finlandia, dispón de 4 programas educativos (3 dos cales se desenvolven en colaboración con outras industrias da comunidade).*

*AstraZeneca<sup>100</sup> doa 87.000 € para libros de medicina destinados a estudantes de África a través de BookPower (asociación sen ánimo de lucro que proporciona os libros de texto a prezos reducidos).*

*A Allergan Foundation<sup>101</sup>, creada en 1998, ten o compromiso de proporcionar axuda ás comunidades e veciños; para iso financia, entre outras, organizacións sen ánimo de lucro dedicadas á educación e ás artes.*

Outras actividades de apoio á comunidade que se inclúen nos informes son as referentes á mellora da asistencia a enfermos e familiares, cubrindo incluso lagoas dos sistemas sanitarios públicos.

*A Fundación Novartis<sup>102</sup> para o Desenvolvemento Sostible leva máis de 20 anos contribuindo á mellora da calidade de vida dos máis pobres (apoio psicosocial a orfos por SIDA en Tanzania, desenvolvemento comunitario en Sri Lanka e mellora dos servizos para leprosos en moitos países).*

*A "Schering-Plough Foundation"<sup>103</sup> doou en 2002 9 millóns de dólares para o coidado da saúde en xeral a través de organizacións sen ánimo de lucro e institucións académicas en EEUU.*

<sup>93</sup> [http://www.gsk.com/financial/rebs02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/financial/rebs02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

<sup>94</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>95</sup> <http://www.aventis.com/main/page.asp?pageid=07457851927827210166&lang=en>

<sup>96</sup> <http://www.bms.com/aboutbms/data/socres.pdf>

<sup>97</sup> [http://www.bayer.com/en/bayer/ub\\_stipendien.php](http://www.bayer.com/en/bayer/ub_stipendien.php)

<sup>98</sup> <http://www.novonordisk.com/images/Sustainability/sr02/SR2002UK.pdf>

<sup>99</sup> <http://www.genencor.com/sustainability/GenencorSustainability2001.pdf>

<sup>100</sup> <http://www.astrazeneca.com/communityproject/127.aspx>

<sup>101</sup> <http://www.allerganfoundation.org>

<sup>102</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/2002\\_cc\\_report.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/2002_cc_report.pdf)

<sup>103</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

*A través da fundación que leva o seu nome, Amgen<sup>104</sup> doou en 2003 263.000 dólares para axudar a adolescentes con cancro e ás súas familias por medio dunha páxina Web.*

*Merck<sup>105</sup> construíu un hospital infantil en Maryland (EEUU), que permite a convivencia de nenos aqueixados de enfermidades graves con seus pais, mantendo un ambiente familiar.*

*Polo seu lado, GSK<sup>106</sup> dispón do programa Positive Action para educación, coidado e apoio comunitario sobre SIDA. Ó seu abeiro desenvolvéronse en 2002 25 programas en 32 países. Así, por exemplo, financiou estudos do International Center for Research on Women en Etiopía, Tanzania e Zambia, confirmando que a discriminación social dos enfermos de SIDA aumenta a expansión da enfermidade. Por outra parte, contribuíu con 90.000 libras á Conferencia Internacional da SIDA de Barcelona de xullo de 2002.*

*Baxter<sup>107</sup> fundou en 1992 e mantén unha clínica gratuita en Lake County, Illinois (EEUU), onde se encontra o sé central da compañía. Por outra parte, en 2002 prestou apoio a dúas organizacións irlandesas dedicadas a servicios de asistencia sanitaria e social: Western Health Board (proporciona asistencia a unhas 350.000 persoas en 3 condados occidentais de Irlanda) e Belfast's Royal Trust (asiste a máis de 1 millón de persoas en Irlanda do Norte).*

Noutro aspecto do desenvolvemento social (non só sanitario), existen iniciativas de apoio ó progreso da economía local nos territorios nos que operan certas compañías farmacéuticas.

*Novozymes<sup>108</sup>, no Brasil, está traballando con subministradores locais para desenvolver materias primas que poidan substituír ás importadas para a súa utilización na produción de enzimas. Desta forma preténdese mellorar a economía dos agricultores brasileiros ó tempo que se reducen os custos da compañía.*

Nos informes consultados tamén se presta atención á necesidade de manter boas relacións cos demais membros da comunidade que dalgunha maneira "padecen" as consecuencias negativas das actividades das compañías. Ademais, animase ós traballadores a involucrarse en programas de voluntariado coa comunidade.

*Genencor<sup>109</sup> adoptou unha política de bos veciños e bos cidadáns. Cada vez hai máis empregados que participan en accións de voluntariado (160 horas en 1999 a 2.692 en 2001).*

*Merck<sup>110</sup> dispón do "Merck Pro Bono Legal Program", mediante o cal avogados da compañía prestan asistencia legal de forma voluntaria a persoas que non poden custear os servicios destes profesionais en New Jersey, EEUU.*

*A planta que Johnson & Johnson<sup>111</sup> ten en Geel (Bélxica) constituíu hai varios anos un Consello de Veciños para mellorar o coñecemento das preocupacións que estes tiñan sobre as actividades da fábrica e para estudar solucións. O Consello está formado por empregados da fábrica e diferentes membros da veciñanza e constitúe un foro de gran interese para informar das actividades levadas a cabo e para establecer unha boa relación coa comunidade.*

*Schering-Plough<sup>112</sup> dispón dun programa de voluntariado entre os seus empregados mediante o cal en 2002, escalando o monte Rainier (Washington), conseguiu 350.000 dólares para a Asociación Americana do Pulmón.*

*Novozymes<sup>113</sup> tamén leva a cabo reunións periódicas cos veciños das súas fábricas para tratar diversos asuntos, entre os que destacan, pola súa frecuencia, os seguintes: ruído, olores, actividades fabrís, etc.*

<sup>104</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>105</sup> [http://www.merck.com/about/cr/policies\\_performance/social/childrens\\_inn.html](http://www.merck.com/about/cr/policies_performance/social/childrens_inn.html)

<sup>106</sup> [http://www.gsk.com/financial/reps02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/financial/reps02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

<sup>107</sup> [http://www.baxter.com/sustainability/2002/html/pdf/sustainability\\_report\\_2002.pdf](http://www.baxter.com/sustainability/2002/html/pdf/sustainability_report_2002.pdf)

<sup>108</sup> [http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes\\_report.pdf](http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes_report.pdf)

<sup>109</sup> <http://www.genencor.com/sustainability/GenencorSustainability2001.pdf>

<sup>110</sup> [http://www.merck.com/about/cr/policies\\_performance/social/probono\\_legal.html](http://www.merck.com/about/cr/policies_performance/social/probono_legal.html)

<sup>111</sup> [http://www.jnj.com/community/environment/publications/2001\\_environ\\_part1.pdf](http://www.jnj.com/community/environment/publications/2001_environ_part1.pdf)

<sup>112</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

Tamén se presentan iniciativas que promoven a creación de foros de discusión para permitir o intercambio de opinións e experiencias entre a compañía e outros *stakeholders*, incluíndo temas especialmente sensibles.

*Roche*<sup>114</sup> estableceu o “*Science and Ethics Advisory Group*”, que actúa como órgano de consulta para a aplicación e desenvolvemento da investigación xenética, sobre todo no que se refire a organismos modificados xeneticamente. Este grupo está formado por expertos independentes de recoñecido prestixio procedentes de diversos campos do coñecemento: bioloxía, ética, socioloxía e dereito, así coma representantes da opinión pública.

*Novo Nordisk*<sup>115</sup> considera o “*Novo Nordisk Stakeholder Dialogue Forum*” como un elemento clave nas súas actividades de sostibilidade. A este foro invítanse expertos para que compartan os seus coñecementos sobre asuntos complexos nos que *Novo Nordisk* necesita aprendizaxe. Así, en 2002, celebráronse mesas redondas nas que se discutiron temas como a investigación con células nai, o investimento socialmente responsable con participantes procedentes de axencias de taxación ou representantes de índices bolsistas, etc.

*Novartis*<sup>116</sup> tamén dispón dun “*Ethics Advisory Board*” coa finalidade de garantir un diálogo aberto coa sociedade no que se refire a asuntos como a utilización de células nai, clonación humana, animais transxénicos, terapia xénica, xenotransplante, etc.

*Johnson & Johnson*<sup>117</sup> tamén formou a “*Emerging Issues Task Force*”, que examina este tipo de asuntos.

## Relacións con provedores e contratistas

Nos informes móstrase claramente a vontade das compañías por difundir as políticas e actividades de responsabilidade corporativa cara ós seus subministradores e contratistas, coa finalidade de que estes adopten sistemas e compromisos similares.

*AstraZeneca*<sup>118</sup> dispón de normas para as relacións cos provedores que aseguran que a responsabilidade social é parte integrante das relacións contractuais e que, por tanto, son auditables coma calquera outro aspecto do negocio.

En 2001, *Genencor*<sup>119</sup> deseñou un cuestionario de sostibilidade para avaliar os seus provedores. En 2003 pretenden analizar as respostas obtidas e desenvolver plans acordes coa súa política.

*Johnson & Johnson*<sup>120</sup> informa ós seus provedores e empresas contratadas sobre a súa política medioambiental e de seguridade, á vez que comunica os seus requirimentos mínimos en relación á lexislación aplicable.

*Novartis*<sup>121</sup> tamén considera a necesidade de implicar ós seus provedores na Responsabilidade Corporativa. Así, ten pensado incluír 3 elementos nos seus contratos: unha cláusula que obrigue a adherirse ós principios básicos da lexislación, outra que estableza que o provedor está comprometido igual que *Novartis* con calquera avance nas áreas cubertas polo Pacto Mundial, e finalmente a posibilidade de que *Novartis* poida dar por finalizado o contrato no caso de conducta incorrecta.

<sup>113</sup> [http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes\\_report.pdf](http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes_report.pdf)

<sup>114</sup> [http://www.roche.com/pages/downloads/company/pdf/sep/serep\\_02.pdf](http://www.roche.com/pages/downloads/company/pdf/sep/serep_02.pdf)

<sup>115</sup> <http://www.novonordisk.com/images/Sustainability/sr02/SR2002UK.pdf>

<sup>116</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/2002\\_cc\\_report.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/2002_cc_report.pdf)

<sup>117</sup> [http://www.jnj.com/community/environment/publications/2001\\_environ\\_part1.pdf](http://www.jnj.com/community/environment/publications/2001_environ_part1.pdf)

<sup>118</sup> <http://www.astrazeneca.com/communityproject/67.aspx>

<sup>119</sup> <http://www.genencor.com/sustainability/GenencorSustainability2001.pdf>

<sup>120</sup> [http://www.jnj.com/community/environment/publications/2001\\_environ\\_part1.pdf](http://www.jnj.com/community/environment/publications/2001_environ_part1.pdf)

<sup>121</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/2002\\_cc\\_report.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/2002_cc_report.pdf)

*Novozymes<sup>122</sup> desenvolveu en 2002 métodos para a avaliación dos provedores no que respecta a dereitos humanos e condicións laborais. En 2003, os compradores da compañía recibirán adestramento para valorar ós subministradores nestes aspectos, e pretenden que neste ano o conxunto de provedores que representa o 35% do gasto en materias primas estea cuberto por este programa.*

*Aventis<sup>123</sup> dispón dun programa de diversidade de provedores mediante o cal trata de garantir que se dean oportunidades a subministradores pequenos e desaventaxados, e foi valorado pola U.S. Small Business Administration como un programa altamente exitoso.*

*Baxter<sup>124</sup> tamén aplica unha política de diversidade de provedores baseada en proporcionar oportunidades a provedores cualificados, pequenos, propiedade de mulleres, minorías étnicas ou veteranos de guerra, ou localizados en zonas deprimidas economicamente. Ademais, comprométese a axudar ós provedores a alcanzar os seus requirimentos.*

## Acceso a medicinas

Con respecto a medicinas para países en vías de desenvolvemento, os esforzos investigadores que figuran nos reporting evidencian importantes investimentos en fármacos destinados a paliar as tres enfermidades catalogadas como prioritarias pola OMS: malaria, tuberculose e SIDA.

*En novembro de 2001, Novartis creou o Instituto de Enfermidades Tropicais en Singapur<sup>125</sup>, co propósito de trasladar os seus coñecementos á investigación en medicina tropical. Está integrado por 60 científicos e técnicos de alto nivel e a súa actividade céntrase sobre todo en remedios contra a Febre do Dengue e a Tuberculose. Tamén desenvolveu o fármaco Coartem<sup>126</sup> contra a malaria, en colaboración co Instituto de Microbioloxía e Epidemioloxía de Beijing (China).*

*GSK creou en Madrid o Centro de Investigación para Enfermidades do Mundo en Desenvolvemento,<sup>127</sup> con dedicación específica ó descubrimento de novas terapias.*

*Bayer e a MMV (Medicines for Malaria Venture)<sup>128</sup> alcanzaron un acordo para o desenvolvemento dun novo medicamento contra a malaria.*

*Aventis investiga desde hai 10 anos o desenvolvemento dunha vacina para a Febre do Dengue, enfermidade en incidencia crecente en países de Latinoamérica, Asia, África e O Caribe. Por outra parte, fundou en 1996 o Aventis Tropical Disease Center<sup>129</sup>, para o control da Malaria e Leishmaniasis no Brasil.*

*AstraZeneca abriu en xuño de 2003 o seu novo centro de investigación en Bangalore (India),<sup>130</sup> focalizado en encontrar novos tratamentos para a Tuberculose.*

Noutros informes evidéncianse os esforzos de investigación nos denominados medicamentos orfos destinados ó tratamento, prevención ou diagnóstico de enfermidades padecidas por menos de 5 de cada 10.000 habitantes<sup>131</sup>.

*Neste sentido, destacan as accións levadas a cabo por Novartis<sup>132</sup> (Glivec, para leucemia mieloide aguda e tumores gastrointestinais), Baxter<sup>133</sup> (Ceprotin, tratamento de deficiencia conxénita severa de proteína C) ou Wyeth<sup>134</sup> (Mylotarg, para leucemia mieloide aguda).*

<sup>122</sup> [http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes\\_report.pdf](http://www.novozymes.com/library/downloads/ar2002/novozymes_report.pdf)

<sup>123</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

<sup>124</sup> [http://www.baxter.com/sustainability/2002/html/pdf/sustainability\\_report\\_2002.pdf](http://www.baxter.com/sustainability/2002/html/pdf/sustainability_report_2002.pdf)

<sup>125</sup> <http://www.nitd.novartis.com/index.shtml>

<sup>126</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/2002\\_cc\\_report.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/2002_cc_report.pdf)

<sup>127</sup> <http://science.gsk.com/about/disease.htm>

<sup>128</sup> [http://www.bayer.com/en/bayer/gc\\_malaria.php](http://www.bayer.com/en/bayer/gc_malaria.php)

<sup>129</sup> <http://www.aventis.com/main/page.asp?pageid=9093036126272748776&lang=en>

<sup>130</sup> <http://www.astrazeneca.com/communityproject/67.aspx>

<sup>131</sup> <http://www.health.gov.au/tga/docs/pdf/orphand2.pdf>

<sup>132</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/2002\\_cc\\_report.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/2002_cc_report.pdf)

<sup>133</sup> [http://www.baxter.com/sustainability/2002/html/pdf/sustainability\\_report\\_2002.pdf](http://www.baxter.com/sustainability/2002/html/pdf/sustainability_report_2002.pdf)

*Sanofi-Synthelabo<sup>135</sup> reconece a obriga moral de desenvolver este tipo de medicinas para o tratamento de enfermidades raras, pero severas e que carecen de tratamento, ou os existentes non son da suficiente efectividade. Entre os medicamentos desenvolvidos encóntranse Fasturtec (tratamento e control de certos tipos de hiperuricemia que afecta particularmente a nenos) e Fumagillin (antiparasitario contra o microsporidio intestinal en pacientes con inmunodeficiencia).*

Outro exemplo que manifesta a intención de favorecer o acceso a medicinas é o de poñer a disposición dos pacientes que o requiren produtos que se encontran nas últimas fases do rexistro, pero que poden ser o único tratamento para a súa doenza. Isto realízase, en parte, mediante o sistema de "Uso Compasivo", de forma que resulta gratuíto para o paciente.

*AstraZeneca<sup>136</sup>, co fin de subministrar Iressa, un novo tratamento para cancro de pulmón, lanza o "Expand Access Programme" para a súa administración a pacientes de países onde o produto aínda non se comercializa. Ata a data, 29.000 doentes de 50 países beneficiáronse do programa.*

Tamén é común en tódolos informes revisados referenciar as doazóns de medicinas ou a súa venda a prezos reducidos a países do Terceiro Mundo. Sen embargo, é este uns dos temas máis controvertidos ós que se enfrenta o sector na súa globalidade, e que deben resolver mesmo aquelas compañías que apostaron máis decididamente pola Responsabilidade Social Corporativa.

*GSK<sup>137</sup> alcanzou 120 acordos para subministrar medicinas para o tratamento da SIDA a prezos preferenciais en 50 países pobres. A redución de prezos situouse nun 33% para os anti-retrovirais, enviando en 2002 6 millóns de comprimidos de seu anti-retroviral "Convivir" (equivalente a 3 millóns de doses diarias). En 2002 doou 66 millóns de comprimidos de albendazol (equivalente a 8,7 millóns de libras) a 31 países para previr a filariase linfática.*

*Aventis<sup>138</sup> leva máis de 30 anos con esta política, e así envía vacinas a prezos inferiores a organizacións internacionais como UNICEF, e en Sudáfrica vende tódolos seus produtos ó mesmo prezo cós xenéricos ou as alternativas fabricadas localmente. En abril de 2002 doou 25.000 vacinas contra a Meninxite á OMS con destino á epidemia de Burkina Faso.*

*Bayer<sup>139</sup> subministrará á OMS, de forma gratuíta e por un período inicial de 5 anos, 2 produtos contra a enfermidade do sono para a súa distribución en África, onde afecta a uns 60 millóns de persoas.*

*Lilly<sup>140</sup>, a través do seu programa "Direct Patient Assistance", doou en 2001 produtos por un valor de 200 millóns de dólares a pacientes necesitados de todo o mundo.*

Non convén esquecer, nembargantes, o debate existente, aínda sen resolver, sobre esta materia. Diversas organizacións cuestionan se eses descontos son suficiente, posto que se realizan respecto ós prezos do mundo desenvolvido, sen ter en conta o poder adquisitivo real dos pacientes ós que van destinados. Por outra parte, os laboratorios quéixanse do retorno, con fins lucrativos, ós países ricos de orixe dos medicamentos doados de balde ou subministrados a un prezo inferior e do risco que esto supón na protección das súas patentes, consideradas como única garantía da amortización dos altos investimentos realizados. O debate continúa tan aberto e ten tantas facetas que foi, xunto co

<sup>134</sup> [http://www.wyeth.com/news/pdf/2002\\_ES\\_Report.pdf](http://www.wyeth.com/news/pdf/2002_ES_Report.pdf)

<sup>135</sup> [http://en.sanofi-synthelabo.com/minisites/20030424\\_annualreport\\_pop/site/images/en/Rapport\\_developpement\\_durable.pdf](http://en.sanofi-synthelabo.com/minisites/20030424_annualreport_pop/site/images/en/Rapport_developpement_durable.pdf)

<sup>136</sup> <http://www.astrazeneca.com/communityproject/125.aspx>

<sup>137</sup> [http://www.gsk.com/financial/rep02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/financial/rep02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

<sup>138</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

<sup>139</sup> [http://www.bayer.com/en/bayer/gc\\_index.php](http://www.bayer.com/en/bayer/gc_index.php)

<sup>140</sup> <http://www.lilly.com/about/excellence/honored/labor.htm>

dos xenéricos, unha das discusións estrela da conferencia da OMC de agosto de 2003.

Por outra banda, os informes recollen problemas engadidos para o abastecemento de medicinas a estes países, debido fundamentalmente á carencia de sistemas de distribución locais, á necesidade de conservar os medicamentos en frío (vacinas, fundamentalmente) e ás falsificacións dos mesmos.

Con respecto ós problemas relacionados coa cadea de frío, os laboratorios recollen nos seus informes a súa colaboración coa iniciativa da OMS chamada "Cold Chain"<sup>141</sup>, na que se detallan, ademais dos requirimentos de transporte necesarios, as condicións de almacenaxe, as instrucións para a reconstitución e administración das vacinas, as especificacións de contedores e locais de almacenaxe e os procedementos de control de stock.

Nos mesmos informes tamén se citan actuacións ante o grave problema da circulación de falsificacións e especialidades carentes da calidade requirida.

*Aventis apoia desde 1985 ó German Pharma Health Fund, organización que desenvolveu un mini-laboratorio móbil que permite analizar os medicamentos e detectar falsificacións ou produtos de peor calidade. O primeiro utilizouse en Filipinas en outubro de 1997, e hoxe en día existen uns 90 en 25 países en vías de desenvolvemento<sup>142</sup>.*

Nestes temas, as compañías recoñecen que é necesario continuar traballando, e comprométese a iso, en colaboración con organizacións como a OMS e a IFPMA, con gobernos, etc.

Se ben xa se sinalou o compromiso de certas compañías no que se refire a facilitar o abastecemento de medicamentos a países en vías de desenvolvemento, tamén declaran o seu compromiso nestas materias co denominado primeiro mundo. Neste sentido, algúns informes revisados poñen de manifesto doazóns e subvencións de medicamentos, así coma programas asistenciais destinados ós máis desfavorecidos no mundo desenvolvido que carecen de acceso ós sistemas de saúde ou seguridade social (principalmente en EEUU).

*AstraZeneca<sup>143</sup> crea a AZ Foundation Patient Assistance Program en EEUU, a través da cal en 2002 se xestionaron doazóns de medicinas por valor de 270 millóns de dólares.*

*Abbott, AstraZeneca, Aventis, Bristol-Myers Squibb, GSK, Jonson&Jonson e Novartis<sup>144</sup> crean o Together Rx Program, que proporciona medicinas ata con un 40% de desconto para anciáns.*

<sup>141</sup> [http://www.who.int/vaccines-access/vacman/coldchain/the\\_cold\\_chain\\_.htm](http://www.who.int/vaccines-access/vacman/coldchain/the_cold_chain_.htm)

<sup>142</sup> <http://www.aventis.com/main/page.asp?pageid=72018991613648733744&pg=3&lang=en#counterfeit>  
drugs

<sup>143</sup> <http://www.astrazeneca.com/communityproject/136.aspx>

<sup>144</sup> <http://www.togetherrx.com/programinfo.html>

*Pfizer<sup>145</sup> establece os chamados "Patient Assistance Program" coa finalidade de favorecer o acceso a medicinas a pacientes con baixa renda ou que non dispoñen de cobertura social e que se encontran aqueixados de SIDA e Alzheimer, entre outras enfermidades. Por outra parte, e a través do "Share Card Program"<sup>146</sup>, proporciona unha tarxeta a persoas de baixa renda para acceso ós seus produtos; esta iniciativa beneficiou a máis de 2 millóns de persoas e entregáronse máis de 6 millóns de prescricións gratuítas.*

*Schering-Plough<sup>147</sup> colabora co programa "Commitment to Care" para facilitar o acceso a medicinas contra o cancro e a hepatite a persoas desfavorecidas; en 2002 distribuiu gratuitamente medicamentos a uns 15.000 pacientes e subvencionou a outros 15.000.*

*Amgen<sup>148</sup>, a través da "Patient Advocate Foundation", doa medicamentos a prezos reducidos en California a pacientes necesitados. En 2002 investiu 1,5 millóns de dólares.*

*O "Abbott Patient Assistance Program"<sup>149</sup> ofrece medicinas gratuítas a pacientes necesitados. En 2002 formaron parte do programa máis de 110.000 enfermos, o que supuxo doazóns por un valor de 55 millóns de dólares.*

### 4.3. Aspecto medioambiental

Os principais campos de actuación en responsabilidade medioambiental que se recollen nos informes analizados, pódense agrupar baixo os seguintes epígrafes:

- Política preventiva durante o ciclo de vida do produto e nos procesos
- Emisións á atmosfera
- Vertidos ó medio acuático
- Residuos
- Fugas e derrames incontrolados
- Conservación de recursos

#### Política preventiva durante o ciclo de vida do produto e nos procesos

Baixo este concepto, agrúpanse unha serie de actividades recollidas nos informes dos laboratorios encamiñadas á prevención do impacto medioambiental, desde tódalas fases do deseño dos medicamentos ata o cese da súa comercialización, incluíndo tódolos procesos industriais asociados.

Segundo se desprende da análise dos informes revisados, é unha prioridade en todos eles a obtención de especialidades farmacéuticas medioambientalmente amigables, mediante axeitados procesos de síntese de principios activos, formulación e envasado.

<sup>145</sup> <http://www.pfizer.com/subsites/philanthropy/access/other.patients.index.html>

<sup>146</sup> <http://www.pfizer.com/subsites/philanthropy/access/share.card.index.html>

<sup>147</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

<sup>148</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>149</sup> <http://www.abbott.com/citizenship/ehs/highlights.shtml>

Neste sentido, os laboratorios informan que desenvolveron e puxeron a punto unha serie de ferramentas para que os equipos de I+D poidan levar a cabo análises de riscos coa conseguinte predicción do impacto medioambiental.

*GSK<sup>150</sup> cita varias ferramentas para deseñar produtos e procesos de forma sostible. Entre elas destacan: unha que compara e valora 45 solventes segundo o seu impacto medioambiental, outra que leva a cabo unha avaliación similar entre 42 produtos químicos de síntese, e unha terceira adicada a analizar se unha determinada modificación dos materiais de envase mellora ou non o seu impacto medioambiental.*

*Bayer<sup>151</sup> indica que mediante a utilización do denominado "Eco-Check" (avaliación de produtos ou procesos en base ás seguintes áreas: economía, saúde, medioambiente, ciclo de vida, tecnoloxía e valor público) conseguiu importantes melloras no aspecto medioambiental.*

*Boehringer-Ingelheim<sup>152</sup> informa dun proxecto piloto desenvolvido na súa planta de Biberach/Riss (Alemaña), que permite unha avaliación continua do impacto medioambiental e axuda a crear balances ecolóxicos mediante a análise dun amplo rango de parámetros.*

Séguese a mesma filosofía no que se refire ós produtos comercializados e procesos xa establecidos. Mediante programas de mellora continua, sácanse á luz as súas debilidades e arbitranse solucións para solventalas. Estas solucións pasan por adoptar unha serie de accións, como modificacións na composición, eliminación ou substitución de materiais perigosos, supresión de certos disolventes e outras substancias utilizadas durante o proceso de síntese ou formulación, mellora do rendemento dos procesos utilizando catalizadores adecuados, etc.

*Abbott<sup>153</sup> informa que na súa planta de Barceloneta (Puerto Rico) se levou a cabo un redeseño do proceso de produción do Biaxin, logrando eliminar o uso de cloruro de metileno como disolvente para a extracción, ó mesmo tempo que incrementa o rendemento do proceso.*

*Merck<sup>154</sup> desenvolveu na súa planta de Pennsylvania (EEUU) un proceso que utiliza disolventes de baixa volatilidade e maximiza a eficiencia do mesmo. Con esta iniciativa, no ano 2000 evitouse a destrución de 340 Tn de disolventes.*

*Roche<sup>155</sup> estableceu un novo proceso de síntese de vitamina C mediante o cal reduciu nun 60% (en 2002) as emisións de metais pesados á auga.*

Percíbese tamén unha crecente preocupación polo uso e o trato de animais de experimentación nas actividades de I+D, ata o extremo de abrir as instalacións para a inspección non só por parte das autoridades, senón tamén de organizacións de protección de animais e do público en xeral.

A pesar de que, hoxe por hoxe, parece que continúa sendo imprescindible a súa utilización, estanse realizando esforzos nun intento de reducir o número de animais necesarios, ó tempo que se intenta mellorar a súa calidade de vida e aliviar o seu sufrimento. Trátase de aplicar a denominada política das 3 R (Reducir, Refinar e Reemplazar) promovida pola fundación suíza do mesmo nome, esto é:

- Reducir o número de animais utilizados en experimentación ó mínimo imprescindible, para a obtención de resultados válidos e significativos

<sup>150</sup> [http://www.gsk.com/financial/reps02/EHS02/gsk\\_ehs\\_2002.pdf](http://www.gsk.com/financial/reps02/EHS02/gsk_ehs_2002.pdf)

<sup>151</sup> [http://www.sd.bayer.com/produkte/bayer\\_oeko\\_check\\_en.html](http://www.sd.bayer.com/produkte/bayer_oeko_check_en.html)

<sup>152</sup> <http://www.boehringer-ingelheim.com/corporate/home/EHSreport00.pdf>

<sup>153</sup> <http://www.abbott.com/citizenship/ehs/highlights.shtml>

<sup>154</sup> [http://www.merck.com/about/cr/policies\\_performance/environmental/disposal.html](http://www.merck.com/about/cr/policies_performance/environmental/disposal.html)

<sup>155</sup> [http://www.roche.com/pages/downloads/company/pdf/sep/serep\\_02.pdf](http://www.roche.com/pages/downloads/company/pdf/sep/serep_02.pdf)

mediante a optimización dos ensaios, busca activa de alternativas in vitro, etc.

- Refinar os procedementos de experimentación co fin de evitar, ou alomenos minimizar, o seu sufrimento, tratando de extraer o máximo de información de cada ensaio e de cada animal.
- Reemplazar a necesidade de estudos con animais mediante o desenvolvemento e validación de alternativas. Neste sentido pode mencionarse o exemplo da produción de anticorpos monoclonais que inicialmente se realizaba mediante a xeración de tumores no espazo abdominal de ratos, co conseguinte sufrimento, mentres na actualidade é posible -certamente cun maior custo- a súa obtención mediante cultivos celulares.

*GSK<sup>156</sup> mantivo practicamente o mesmo número de animais de experimentación utilizados nos últimos 8 anos, pero a súa actividade investigadora incrementouse notablemente. O mesmo tempo utilízanse de forma máis respectuosa e as súas instalacións están acreditadas pola "Association for Assessment & Accreditation of Laboratory Animal Care". Ademais, patrocina o premio europeo máis importante neste campo (GSK Laboratory Animal Welfare Prize).*

*Novartis<sup>157</sup> reduciu a utilización de animais nas súas actividades (o 85% entre 1980 e 1997, e o 8% entre 1998 e 2001) e tamén dispón de políticas para mellorar o trato que reciben.*

*GSK<sup>158</sup> demostrou que a utilización da resonancia magnética para o estudo de lesións en órganos en lugar da súa análise directa tralo sacrificio do animal permitiría, para un estudo pulmonar, reducir considerablemente a utilización de ratas (de 500 a unhas 24).*

## Emisións á atmosfera

Nos informes revisados tamén se mostra a preocupación polas emisións á atmosfera e o seu impacto no cambio climático, a xeración de chuvia ácida, o esgotamento da capa de ozono, o deterioro da calidade do aire respirable, etc.

- *Emisión de CO<sub>2</sub>*

Dentro deste capítulo, en tódolos informes achéganse datos xerais, tendencias e compromisos de redución de emisións de CO<sub>2</sub> relacionadas fundamentalmente coa xeración de enerxía mediante a utilización de combustibles fósiles. Estes datos móstranse unhas veces como valores absolutos e outras en relación co volume de vendas.

*Boehringer-Ingelheim<sup>159</sup> informa dunha redución do 23% entre 1995 e 2001 no que se refire a emisións de CO<sub>2</sub> relacionadas con actividades de produción.*

*GSK<sup>160</sup> constata en 2002, fronte ó 2001, unha redución en termos absolutos do 3,7% nas emisións de CO<sub>2</sub> relacionadas con consumo de enerxía e fixa un obxectivo do 8% en relación coas vendas para o 2005.*

<sup>156</sup> [http://www.gsk.com/financial/reps02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/financial/reps02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

<sup>157</sup> [http://www.novartis.com/downloads/corporate\\_citizenship/02\\_2003\\_ar\\_animal\\_welfare.pdf](http://www.novartis.com/downloads/corporate_citizenship/02_2003_ar_animal_welfare.pdf)

<sup>158</sup> [http://www.gsk.com/financial/reps02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/financial/reps02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

<sup>159</sup> <http://www.boehringer-ingelheim.com/corporate/home/EHSreport00.pdf>

<sup>160</sup> [http://www.gsk.com/financial/reps02/EHS02/gsk\\_ehs\\_2002.pdf](http://www.gsk.com/financial/reps02/EHS02/gsk_ehs_2002.pdf)

*AstraZeneca<sup>161</sup> reduciu o total das súas emisións causantes de efecto invernadoiro nun 6% durante o ano 2002 e nun 14% se se expresa en valores relativos ó volume de vendas. No que se refire á emisión de CO<sub>2</sub> procedente do consumo de enerxía en relación ó volume de vendas<sup>162</sup>, constata unha redución do 5% en 2001 respecto a 2000, propoñendo diminuír en 2005 un 20% en relación ó consumo de 1998.*

*Roche<sup>163</sup> informa dunha redución do 3,6 % en 2002 respecto a 2001. No mesmo período indica que a súa contribución ó efecto invernadoiro, tendo en conta o volume de vendas, se reduciu nun 4,2%.*

*Johnson & Johnson<sup>164</sup> fixouse un obxectivo de redución en termos absolutos do 4% entre 1990 e 2005 e do 7% entre 1990 e 2010.*

Para lograr as reducións citadas e conseguir os obxectivos propostos están implantando unha serie de programas de mellora da eficiencia dos procesos xeradores de CO<sub>2</sub>, a redución da demanda de enerxía ou a substitución das fontes de enerxía tradicionais por outras renovables como a fotovoltaica ou a eólica.

*Johnson & Johnson<sup>165</sup> afirma que a súa planta de Cencotor (Holanda) obterá, a partir de 2003, o 100% da enerxía necesaria de fontes eólicas.*

*Novo Nordisk<sup>166</sup> indica que a súa principal planta de produción (Kalundborg) utiliza unha gran parte da súa enerxía a partir de fontes renovables (eólica).*

- *Emisión de CFCs*

Outro aspecto que se recolle nos informes consultados é a preocupación xeral polo impacto no medio ambiente da liberación de CFCs á atmosfera, tanto como consecuencia das súas actividades industriais coma pola presenza dos mesmos nas especialidades que comercializan.

Esta preocupación demóstrase por parte das empresas nos compromisos que recollen nos seus informes para reducir e incluso eliminar o uso de CFCs, principalmente nas instalacións de protección contra incendios e nos sistemas de refrixeración amplamente utilizados no acondicionamento de aire.

*GSK<sup>167</sup> fixouse o obxectivo de eliminar tódolos gases utilizados en refrixeración que conteñan CFCs e conseguir emisións "cero" destas fontes en 2005.*

*Aventis<sup>168</sup> iniciou un programa co obxecto de poder declarar a súa planta de Dagenham (UK) libre de CFCs ó final do 2003.*

*AstraZeneca<sup>169</sup> inclúe no seu informe o compromiso de reemplazar gradualmente os refrixerantes que conteñen CFCs con outros carentes destes e que teñen un efecto global menor sobre o quecemento.*

Percíbese unha preocupación especial por parte daqueles laboratorios que contan no seu vademécum con especialidades que utilizan CFCs para a xeración de aerosoles.

<sup>161</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

<sup>162</sup> <http://www.astrazeneca.com/Article/11134.aspx>

<sup>163</sup> [http://www.roche.com/pages/downloads/company/pdf/sep/serep\\_02.pdf](http://www.roche.com/pages/downloads/company/pdf/sep/serep_02.pdf)

<sup>164</sup> [http://www.jnj.com/community/environment/publications/2002\\_environ.pdf](http://www.jnj.com/community/environment/publications/2002_environ.pdf)

<sup>165</sup> [http://www.jnj.com/community/environment/publications/2002\\_environ.pdf](http://www.jnj.com/community/environment/publications/2002_environ.pdf)

<sup>166</sup> <http://www.novonordisk.com/images/Sustainability/sr02/SR2002UK.pdf>

<sup>167</sup> [http://www.gsk.com/financial/rep02/EHS02/gsk\\_ehs\\_2002.pdf](http://www.gsk.com/financial/rep02/EHS02/gsk_ehs_2002.pdf)

<sup>168</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

<sup>169</sup> [http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr\\_english\\_2002.pdf](http://www.astrazeneca.com/sites/7/imagebank/typeArticleparam10831/csr_english_2002.pdf)

Conscientes da importancia do problema, algúns laboratorios informan do esforzo investigador que están levando a cabo, tanto a nivel individual coma a través do Consorcio Internacional de Aerosoles Farmacéuticos (IPAC) no que participan Armstrong, AstraZeneca, Aventis, Boeringuer Ingelheim, Chiesi, GlaxoSmithKline e IVAX, e no que xa levan investido máis de 1.000 millóns de dólares para afrontar conxuntamente a transición cara a produtos inocuos para a capa de ozono.

Froito destas investigacións foi a aparición de dispositivos que permiten a inhalación de pos como os Turbuhaler<sup>®</sup>, desenvolvidos por AstraZeneca, e outros métodos que posibilitan a xeración de aerosoles sen propelentes, como os nebulizadores, ou utilizando propelentes alternativos, menos daniños para a capa de ozono.

*AstraZeneca<sup>170</sup> afirma que diminuíu o uso de CFCs nas súas especialidades farmacéuticas entre o 2001 e o 2002 nun 14% en termos absolutos e nun 21% en termos relativos ás vendas.*

*AstraZeneca<sup>171</sup>, ademais do Turbuhaler<sup>®</sup>, desenvolveu outros sistemas de administración por inhalación, como suspensións para pulverizadores nasais ou para nebulización.*

*GSK<sup>172</sup> fabricou en 2002 máis de 100 millóns de inhaladores con propelentes non-CFCs e afirma que para algún dos seus produtos xa non requiren acollerse ás exencións do Protocolo de Montreal.*

- *Emisión de COVs*

Os compostos orgánicos volátiles (COVs) son utilizados amplamente nos procesos de síntese dos principios activos dos medicamentos, e contribúen á xeración de ozono tropósferico mediante a súa reacción coa luz ultravioleta, con riscos potenciais para a saúde e para as plantas.

Este aspecto, como non podía ser doutra maneira, non pasa inadvertido nos informes consultados e pódese apreciar claramente o compromiso, tanto polos resultados xa acadados coma polos retos obxectivos establecidos para o futuro inmediato.

*Aventis<sup>173</sup> recolle no seu informe unha redución do 2% (en valor absoluto) nas súas emisións de COVs de 2002 respecto a 2001.*

*Novartis<sup>174</sup> indica que reduciu nun 48% as emisións de COVs haloxenados como consecuencia de melloras nos procesos en distintas plantas, se ben a utilización de COVs non haloxenados creceu nun 23%, fundamentalmente ó ser empregados para substituír os primeiros.*

*GSK<sup>175</sup> reduciu as emisións de COVs en 2002 nun 4% en termos absolutos respecto a 2001 e estableceu un obxectivo de diminución do 30% en relación coas vendas para o 2005.*

*Boehringer-Ingelheim<sup>176</sup> reduciu as súas emisións totais de COVs nun 47% no período 1995-2001 fronte a un obxectivo do 20%.*

<sup>170</sup> <http://www.astrazeneca.com/Article/11143.aspx>

<sup>171</sup> <http://www.astrazeneca.com/Article/11143.aspx>

<sup>172</sup> [http://www.gsk.com/financial/rep02/CSR02/GSK\\_CSR.pdf](http://www.gsk.com/financial/rep02/CSR02/GSK_CSR.pdf)

<sup>173</sup> <http://www.aventis.com/main/attachments/41241149459985823.pdf>

<sup>174</sup> [http://www.novartis.com/annual\\_reports/2002/en/hse/hse6.shtml](http://www.novartis.com/annual_reports/2002/en/hse/hse6.shtml)

<sup>175</sup> [http://www.gsk.com/financial/rep02/EHS02/gsk\\_ehs\\_2002.pdf](http://www.gsk.com/financial/rep02/EHS02/gsk_ehs_2002.pdf)

<sup>176</sup> <http://www.boehringer-ingelheim.com/corporate/home/EHSreport00.pdf>

## Os vertidos ó medio acuático

Como exemplo do compromiso dos laboratorios co medio acuático, os informes mostran os esforzos que se están levando a cabo para reducir a carga contaminante dos vertidos, caracterizar os contaminantes con maior precisión e poñer en marcha estacións de tratamento cada vez mellores e máis eficientes.

*Roche<sup>177</sup> cita unha redución do 17,4% no carbono orgánico total das augas residuais que xera ó comparar os datos de 2002 cos de 2001.*

*GSK<sup>178</sup> informa que a demanda química de osíxeno (DQO) dos seus efluentes en 2002 se reduciu nun 16% respecto a 2001 e cara 2005 estableceu como obxectivo unha diminución do 30% en termos relativos ás vendas.*

*No seu informe, Genencor<sup>179</sup> indica que reduciu os niveis de demanda biolóxica de osíxeno (DBO) nun 22% e DQO, nun 20% en 2001 respecto ós valores de 2002, atribuíndo esta redución fundamentalmente á construción de novas plantas de tratamento de augas residuais.*

*Bristol-Myers Squibb<sup>180</sup> afirma que apoia a investigación científica para afondar no coñecemento dos riscos e consecuencias da presenza de produtos contaminantes na auga. Neste sentido, estableceu un grupo de traballo propio coa participación de expertos externos e colabora coa "Pharmaceutical Research and Manufacturers of America".*

*AstraZeneca<sup>181</sup> comunica a súa colaboración con outras compañías farmacéuticas e coas autoridades ó obxecto de mellorar as técnicas utilizadas para a determinación dos riscos asociados á presenza de fármacos no medio ambiente. Por outra parte, esta compañía fai fincapé nos seus esforzos para minimizar as cantidades de principios activos presentes nos efluentes das súas plantas de produción.*

*AstraZeneca<sup>182</sup> conta co Brixham Environmental Laboratory (centro de investigación líder da industria no campo dos moduladores endócrinos) para a identificación e análise de substancias con efectos sobre os sistemas endócrinos e para o estudo das súas consecuencias no medio ambiente.*

## Residuos

As actividades empresariais farmacéuticas, coma calquera outra actividade industrial, conducen á xeración de residuos en tódolos estadios da cadea de abastecemento, principalmente como consecuencia da súa fabricación (residuos industriais) e posta no mercado dos seus produtos (residuos de envases).

Dunha análise máis profunda dedúcese que estas compañías teñen implantados sistemas de xestión que evidencian o seguimento da política das tres R (Reducción, Reutilización e Reciclado), así coma tratamentos de eliminación adecuados en función da súa perigosidade.

<sup>177</sup> [http://www.roche.com/pages/downloads/company/pdf/sep/serep\\_02.pdf](http://www.roche.com/pages/downloads/company/pdf/sep/serep_02.pdf)

